

ANTOLOXÍA DE TEXTOS LITERARIOS S. XX-XXI



Diante dos que atruxan forte...

Todo o que teño de meu
é non cobiza-lo alleio;
abóndame Dios do ceio
que nunhas pallás naceu.

Guardo a habenza de seu dono,
mais eu son quen leva o ramo:
¡canté, se puidera o amo
prender coma min no sono!

Nunha chabola baixaña
nacin, tras daquela pena;
n'hai grileira tan pequena,
peró, ¡que diabro!, é miña.

Xa foi dos meus bisavós,
¡moi natural que alí viva!
e, con todo que é cativa,
inda ten seu ben de Dios.

Se queredes visitala,
abofellas me acomoda;
n'hedes ver cousa que á moda
deba un carto de alcabala¹.

Escano pra me sentar,
pubela² para durmir,
un candil pra me alumar
e non hai máis que pedir.

Quero o que moito convén
pra salvación, i éme igual
que as cosechas pinten mal
ou que os froitos rendan ben.

Toco esta frauta, de buxo,
i a paz dos ermos alabo,
porque cando a folga acabo
naide ceiba un aturuxo.

Ó ve-la neve no cume
da Frouseira, xunto leña,
e veña o inverno que veña
descuido a carón do lume.

E de vrau? ¡Quixera o rei
de España, pró seu regalo,
auga das fontes que calo,
sombra das pravias que eu sei!

NORIEGA VARELA, *Do ermo* (1920)

Diante dos que atruxan forte
me planto, i en verso escribo
pra manifestar que vivo
contento coa miña sorte.

Vou velliño, son pastor,
non me separo da serra,
e, se é verdá que hai máis terra,
dudo que seña mellor.

¹ *alcabala*: imposto que consistía no 10 % do valor do que se vendía ou trocaba.

² *pubela*: follato do millo ou folla do piñeiro.

Teño amores na montaña

Teño amores na montaña
teño moza montañaesa,
que ma deparou un santo
no turreiro dunha festa.
Déronlle as rosas de maio
roxa color prás meixelas,
branca, volainaña branca,
seique inda é máis que as folerpas,
e de folerpos de neve
penso que debeu ser feita,
xa que o sol i as nordesías
no ma logran ver morena.
Teño amores na montaña,
teño unha moza brañega,
que, se cos ollos feitiza,
o corazón me estonteia
c'aquelas palabras doces,
i aquelas surrisas meigas
das nenas repinicadas,
orgullo das cumes ermas.
Miña santiaña bonita,
¡Dios, que ma deú, ma defenda!,
pois pra min non hai ceio,
se non me caso con ela.

¡Heime casar!; os solteiros
sempre andan nas malas linguas,
i eu quero vivir con honra,
xa que non teña outra herencia.
Heime casar, ¡non que loge!,
i heime de casar na aldea,
miña nai, porque alí moran
as poucas almas sinxelas,
que sacan o pan da boca
pra socorrer a pobreza.
Despois buscarei casaña,
unha casaña tarrea
con cortello, pra criar
dous bacorinos da teta,
¡i a facer pares de zocas!,
que se me canga, abofellas,
mellor que escribir en verso
na doce fala gallega.

NORIEGA VARELA,
Do ermo (1920)



A brétema

Prá miña filla Cánida

A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña:
os piñeirales pouco a pouco explora,
e anda sempre descalza, e se se espina,
sangrar, non sangra; pero chorar, chora...

Chora copiosamente a probresañal
como chorou Xesús, cal chora a aurora,
e en mans do sol é cada lagrimiaña
derramada unha estrela brilladora...

Lagrimiañas preciosas!, recollelas
mil veces se me ocorre, pra con elas
facen... (se xa non soño, ¡que eu faría?)

¡Unha sarta me pides? Lograreina,
¡como un rei a quixera pra unha reina!,
como nunca se veu na xoiería.

NORIEGA VARELA, *Do ermo* (1920)

Lume no pazo

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada
alumea a campía.

Atronan as campanas
o val.

Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.

Corre a xente,
berrando, atolondrada.

Ó arde-lo lume, as tellas
enroxecen e estalan.

Caen, cruixindo, as vigas,
e o lume ás catro bandas
envolve a torre.

Muxen
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro
pra ver onde é a desgracia
e, ó mirar cara ó pazo,
detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo
e sanguiñenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,
de guedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo cando cadra,
-todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sen nada-,
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
de ir busca-lo gaiteiro
para que toque a gaita.

R. CABANILLAS, *Vento mareiro* (1926)

Na taberna

Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coitados;
cheira a aceite e pemento requeimados
rustido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada
do ano setenta -historia de afogados-
e empuxándose, inando¹, entran mollados
os homes dunha «lanchá de enviada».

Pasa de man en man a xerxa roiba
de albariño, e namentres cae a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,

de trás do mostrador claréxa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na sorrisa de luz da taberneira.

RAMÓN CABANILLAS, *No desterro* (1913)

Himno de Acción Gallega

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ao Miño
a follas do fouciño
fagamos rebrillar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes que ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao mar.

¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladrons i herexes, fuxe
ao redentor empyxe
da ialma rexional.

Antes que ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao val.

RAMÓN CABANILLAS,
Da terra asoballada (1917)

Camiño longo

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
triste e escuro de día...
¡camiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡vereda torta, ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubríronme de feridas...
¡camiño longo da miña vida!

Vereda, vereda fonda
de fontes tristes, sen auga;
sen carballos que dean sombra,
nin chouzas que dean pousada...
¡vereda fonda, ti cando acabas!

Ramón Cabanillas. *Vento mareiro*, 1915

¡En pé!

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa fronte erguida;
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
¡cantémo-lo dereito
á libre nova vida!
Validos de traidores
a noite da Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afrouxan as cadeas...

¡Irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazon galega
cantémo-lo dereito
a liberta-la Terra!
¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡En pé dispostos
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
berremos alto e forte:
¡«A nosa terra é nosa»!

RAMÓN CABANILLAS, *Da terra asoballada* (1917)

Espadeiro

¡Espadeiro! ¡Espadeiro! ¡Ledo viño
das noites mozas! Claridá de estrelas.
O aturuxo zoando nas quebradas...
Mozos... Pandeiros... Un amor que empeza..
Aromas das carqueixas e do trevo...
De man en man, a bota carreteira...
Unha cantiga ó pé dunha ventana...
¡De trás dos vidros, Ela!
¡Ouh, espadeiro amante! ¡Ouh, roxo e quent
sangue do corazón da nosa terra!
¡Acende os corazóns dos apoucados!
¡prende lume nas almas, viño celta! !

Ramón Cabanillas. *Da terra asoballada*, 1917

O cabaleiro do Sant Grial

No castelo que se alza nun rochedo da serra
onde esquece os traballos e os estrondos da guerra,
Rei Artur, fazañoso, xunta os seus cabaleiros,
en virtude os mellores e na loita os primeiros,
amparo dos humildes, espellos de lealdade,
sonados de valentes en toda a cristiandade.

Des que xuntos os vira, ten gran contentamento
e arredor dunha mesa failles honra de asento.
Rei Artur por cabeza, como máis principal,
Gundemaz dunha banda e da outra Pasifal,
soio resta baleiro un sitio enloitado
no que reza este nome: «Galahaz, o Esperado».

Medianoite por filo, cando o galo cantaba,
Rei Artur ós seus nobres deste xeito falaba:
«El Señor foi servido, descendo do seu trono,
encher de claridade as tebras do meu sono,
e faguerme mandado de que os limpos de mal
terán de ir, penitentes, conquistar o SANT GRIAL,
o cáliz do misterio, a copa milagreira
onde a tráxica noite da Cea Derradeira,
ardendo en lume sagro, aceso polo amor,
súa sede de martirio apagou El Señor».


Tales verbas ouvidas, erguéronse os guerreiros
e, movidos do Ceo, despiron os aceiros
e na cruz das espadas xuraron de ir á Empresa,
e todo foi pasado en arredor da mesa
e todos eran cheos da fe divina e fonda,
e de entón foron ditos «Os da Táboa Redonda».

No punto que fagúan o sagro xuramento,
unha luz de milagre tremelou no apouso
e abatéronse as portas e pareceu no estrado,
onde o asento baleiro, Galahaz o Esperado.

Sen espada na vaina, sen espora ni' escudo,
ten a gracia dun neno, mais o porte barudo,
como espigas do trigo os cabelos dourados,
a cor como de rosas, os ollos azulados
e a cruz sagra, vermella como aberta ferida,
na brancura do traxe, sobre o peito garnida.

Ó ver o cabaleiro e o fermoso claror
todos quedan suspensos e louvan a El Señor. [...]

RAMÓN CABANILLAS, *Na noite estrelecida* (1926)



Os dous ramallos

Na beira do carreiro
en onde baixa o escairo¹ pró camiño
naceron dous ramallos: un de espiño
e outro de ameneiro.

O carreiro esvaraba,
e todo o que pasaba,
pra baixar ó camiño
botaba as mans ó humilde ramalliño
e ó de espiño ninguén, porque espiñaba.
E foi así moi diferente a sorte
dos ramallos da beira do carreiro:
murchouse o ramalliño de ameneiro
e criou se o de espiño rexo e forte.

XOSÉ CRECENTE VEGA, *Codeseira* (1933)

¹ escairo: chanzos nun muro para facilitar o paso.

Gandareira

Na terra de Nemancos,
miña terra natal
Unha gándara esquiiva,
despoboadá e chan,
con dous carballos tortos
e tres pinos irmáns.
Inverno, frío, brétema,
nun tristeiro serán
e un ventiño mollado
que vén do vendaval.
As toxeias cativas,
desmedradas asaz,
abalan quedamente
naquela soedá
que agariman os brúios
do lonxaneiro mar.

Unha vereda branca
por ela un home a andar,
e sete corvos negros
batendo as negras ás,
agoirantes e feros
a voar e a voar.

GONZALO LÓPEZ ABENTE,
Nemancos (1929)



Poetas da época reivindicando o galego

Non quixera que os meus ollos
visen máis chan que Galicia
nin oísen meus ouídos
outra lingua que esta lingua.

No'hai lingua como a galega:
¡Ela é tan doce, tan doce,
que parece lingua de ánxeles
máis ben que lingua dos homes!

XOSÉ REI GONZÁLEZ, *Frangullas* (1913)

Dálles unha carda ós fillos,
Galicia, que se che malvan:
que os hai que de ti renegan
i a fala túa non falan.

M. LEIRAS PULPEIRO, *Cantarés gallegos* (1911)

O galego que non fala
a lingua da súa terra
nin sabe o que ten de seu
nin é merecente dela.

VITORIANO TAIBO
Da vella roseira (1925)

Quen se esquece do falare
que lle ensinaron seus pais,
non é digno de andar dereito
como andámo-los demais.

XAVIER PRADO LAMEIRO,
Almas sinxelas (1928)

Arrieiro

Ouveando pola bouza
o vento murcho do outono
anda pola noite adiante
triste como o can sin dono.

Ao baixar polo Paraño
xa se espreguizaba a Lúa
antre as follas dun carballo.

Polo camiño de estrelas
esvara o cantar do arrieiro,
leva o compás nas campañas
o macho que vai dianteiro.

Medra como unha marea
o avalar preguiceiro
das montañas de Tras-Deza.

Nos meus beizos dorme o bico
que algún día che hei de dar
como dormen as estrelas
arroladas polo mar.

Ao chegar ao Carballiño
eran as doce na lúa
i estaba morto o camiño.
No argadelo do teu corpo
debano a miña emoción,
un repinicar de estrelas
voa no meu corazón.


A costiña de Canedo
agarda ao sol que lle faga
a loura trenza do pelo.

Contei meu querer á Lúa
por non ter con quen chorar,
dende entón as miñas mágoas
son dondas com-o luar.

Xa canta o vento gaiteiro
peiteando os sotos barbudos
que a luzada virá cedo.

Pró muíño do luar
que fartan ríos de tebras
a moura moega do ceo
botaba o seu grau de estrelas.

LUÍS AMADO CARBALLO, *O galo* (1928)



O galo

Ábrelle as portas ao día
coa chave do teu cantar,
que xa na fonte da Lúa
está lavada a mañá.

Bótalle o teu aturuxo
á paisaxe dende o val,
que o gran balbo das estrelas
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
acéndelle unha fogueira
co lume da túa voz.

LUÍS AMADO CARBALLO, *O galo* (1928)



Se eu tivera...

Se eu tivera a flor do lume,
teu amor acendería.
Ai,
se eu tivera a flor do lume,
outro galo cantaría.

Se eu tivera as ás do vento,
á gloria te levaría.

Ai,
se eu tivera as ás do vento,
outro galo cantaría.

Se eu tivera a voz do mar,
teus sonos arrolaría.
Ai,
se eu tivera a voz do mar,
outro galo cantaría.

Se eu tivera o sol e a lúa,
acesos de noite e día...

Ai,
se eu tivera o mundo enteiro,
¡outro galo cantaría!

MANUEL LUÍS ACUNA, *Firgoas* (1934)

Pra facer un feitizo...

Sabugueiro da foila repinica
polo Maio estralando de brancas flores
collereiche un ramallo na madrugada
pra facer un feitizo prós meus amores.

Que non fuxan os merlos que fan o niño
no máis mesto curruncho dos teus verdores:
esgazareiche as pónlas moi amodiño
pra facer un feitizo prós meus amores.

Cocereite con cornos de vacaloura,
con fiüncho e con ruda dos arredores
da ermida faituqueira da Virxe loura
pra facer un feitizo prós meus amores.

Pra este amor, sabugueiro, que me entolece
túas flores segura menciña son,
que ti tamén floreces cando florece
vermelliño de rosas meu corazón.

FERMÍN BOUZA BREY, en *Nós*, nº 12 (1922)



Gándara

A Floro L. Cuevillas

Naquel biduído dos bidos louzanos
o páxaro Sol non pía seus raios
e morre de amor.

Naquel biduído dos lanzales bidos
o páxaro Sol non criba seus píos
e morre de amor.

Non criba seus ritmos, non pousa seus raios
e albean de frío os albres delgados
e morren de amor.

Non ceiba seus raios, non tèce seus fios,
e albres e mámoas albean de frío
na poldra que morde no mato cativo.

FERMÍN BOUZA BREY, *Nao senlleira* (1932)

14

Polos teus ollos quen pasou, amiga,
deixou unha ollada de amore perdida.

Nos ollos teus.

Deixou de amore perdida unha ollada
polos teus ollos quen pasou, amada.

Nos ollos teus.

Cinza levás nos ollos, amiga,
daquela ollada de amore perdida.

Nos ollos teus.

Borrallo nos ollos levás, amada,
que non miraches a quen te ollaba.

Nos ollos teus.

ÁLVARO CUNQUEIRO,
Cantiga nova que se chama riveira (1933)

SOL:

Cinco fiestras colgadas
da mesma alba rosa:
vivas,

intactas,
núas,

con arelas de mans,
coma espellos de mastros.

SOMBRA:

Cinco fiestras colgadas
da mesma alba turba:
quedas,

chás,
duras,

sen afáns de presenza,
sen afáns de fuxida.

SEMPRE:

Cinco fiestras: soio.

ÁLVARO CUNQUEIRO,
Mar ao norte (1932)

No niño novo do vento

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
quén poidera namorala,
meu amigo!

Álvaro Cunqueiro,
Cantiga nova que se chama Riveira

Chove en Santiago

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ô sol.

Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e de sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla o vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol.
Agoa da mañán anterga
trema nó meu corazón.

Federico García Lorça,
Seis poemas galegos

ELA E EL. Noivado I

Cegoñas xeográficas no meu noivado noivo.
Un tempo craro como un illó de vidro.
E no medio de litorais e avións platino
cidadán de correntes submariñas color morno.
A miña craraboia en brúxula silvestre:
un arbre polo Norde, Oriente feito
de moluscos, Sur de ribeiras líquidas.
Eu de noivado. Nas mans arcos-de-veilla,
vidreiras verde-tenre e colgaduras finas.
Nin unha sombra nin faiados tímidos,
inocentes igoal a negros en domingo
o corazón no peito, risoños como esquies.
Beilar ágoas lixeiras e sonos desprendidos
das cantigas máis novas. Sumando vals e faros.
Infuxivel noivado estelar de cereixas,
amante de cristais. Eu o teño.

Álvaro Cunqueiro. *Poemas do si e do non*, 1933.

Enterro do neno pobre

Punteiros de gaita
acompañábano.
O pai, de negro;
no mar, unha vela
branca.

Os amiguíños levábano.
Non pesaba nada.

Abaixo, o mar;
o camiño no aire
da mañá.

Il iba de camisa
limpa
e zoquiñas brancas.

Os amiguíños levábano.
Non pesaba nada.

LUIS PIMENTEL,
Sombra de aire na herba (1959)

Xogo ruín

Aquil neno
pincháballe os ollos
ós paxaros;
e gustáballe ver saír
esa gotiña
de aire e de lus,
ise rocío limpo
de mañanciñas frescas.

Logo botábaos
a voar
e ríase de velos
topar contra o valado
da súa casa,
con un ruído
moi triste.

Creceu e foi daquiles.



Lectura

Ao reverso da noite.


Loceiros degolados
desángranse de ouro no Mar

De par de nós
a Lúa
fai ronseles infecundos

Mentras sonea a mareta
vai folleando no libro das velas

Irredentos velamios exhaustos
resignados a pendurar da cruz

Estrelas inconscientes
mecanizan o obseso tic-tac



A auga toda dos oceanos
ensumiuse nunha bágoa

E o pano branco do novo día
enxugará os ollos do ceo.

MANUEL ANTONIO, *De catro a catro* (1928)

SOS

FOMOS ficando sós
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubáronnos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pola corda floxa do horizonte

Este oucéano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
ourentáronse ao esquerzo

As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe

Pero tamén sabemos a maniobra
dos navios que fondean
a sotavento dunha singladura

No cuadrante estantío das
estrelas
ficou parada esta hora:


O cadavre do Mar
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade

Noite Silenzo Frío

E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
nós

MANUEL ANTONIO,
De catro a catro (1923)



Excelsior

N.W.	N	N.E.
	O	
	S	
	U	
	E	
S I D S	•	E G O S D M
	I	
	A	
S.W.	M	S.E.

RADIOGRAMA

de pirotécnicos instintos
(pirotecnia de resonancias)
que polos vieiros dos ecos
xogarán os labirintos.

EU SON!

O meu nome
acenderá unha estrela nova
en cada constelación.

MANUEL ANTONIO, *Foullas* (1922-1925)

Os cóbados no varandal

ATOPAMOS esta madrugada
na gaiola do Mar
unha illa perdida¹

Armaremos de novo a gaiola
Vai saír o Sol
improvisado e desourentado

Xa temos tantas estrelas
e tantas lúas sumisas
que non caben no barco nin na noite


Xuntaremos paxaros sin xeografía
pra xogar cas distancias
das súas ás amplexadoras

E os adeuses das nubes
mudos e irremediabes

E armaremos unha rede de ronseles
pra recobrar as saudades
co seu viaxe feito
polos oucéanos do noso corazón.

MANUEL ANTONIO,
De catro a catro (1923)

1. O mar adentro é unha illa de auga rodeada de ceo por todas as partes.



Primeiras verbas

Para ledicia de todos e para ensino de moitos, sae hoxe Nós.

É a ansia que hoxe sente Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrante, a evidencia luminosa do mañá, o que nos fai saír. Temos unha fe cega, absoluta, inquebrantable na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do noso esforzo para levala ó cumprimento do seu fado glorioso. Hoxe chegou á vida na nosa Terra unha xeración que se decatou do seu imperioso deber social de crearen para sempre a cultura galega. Endexamáis foi meirande a nosa actividade creadora. Nós vén a recoller todos eses esforzos de integración da Patria galega no seu xa rico polimorfismo.

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, institucionalistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser ata clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullósa satisfacción de seren galegos.

Nós ha ser un estudo piadoso e devoto, cheo de sinceridade, de tódolos valores galegos: dos nosos valores tradicionais e mais dos valores novos que cada día se estan creando na nosa Terra.

Nós ha se-la representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de se afirmar como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fóra da Terra.

Nós ha ser a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebriismo, no que ela ten, debe e quere persistir. O Enxebriismo é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir intermediarios entre o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as súas páxinas a prestixiosas personalidades estranxeiras que contañ de nos honrar coa súa colaboración e tamén ha informar ó público galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

Nada máis.

E, ós que se asombren da nosa confianza, da nosa firme ledicia ó principiar un traballo rudo, habémosile dicir que témo-la evidencia de sermo-los mellores, os máis doados, os máis fortes, de que tódalas forzas do espírito están connosco, de que imos triunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en tódolos que sintan deste xeito.

A tódolos que nos lean. *Saúde e terra*.

VICENTE RISCO, «Primeiras verbas», no nº 1 da revista *Nós*, 30 de outubro de 1920



Verbas limiares

Todos saben das cruces celtas de Irlanda, dos calvarios de Bretaña e dos cruceiros de Galiza; mais poucos saben aínda que as terras bretoas están estradas de cruceiros idénticos ós nosos.

Dende hai bastantes anos veño recollendo materiais para un próximo libro sobre os cruceiros galegos, cavilando sempre nun distante estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres, que virá cando se coñezan ben por separado. Non se podería falar dos nosos cruceiros sen ter visitado primeiramente a Bretaña, e alá fun. E estas follas recollen o resultado de catro meses de pelerinaxe polos camiños da vella Armórica, á cata de cruces de pedra.

Na Bretaña, coma na Galiza, os cruceiros van derrubándose a eito, sen seren estudados tan sequera. Os cruceiros serviron de fondo escenográfico a lendas e contos enxebres; pero foron desprezados polos cabezaleiros da nosa cultura. Arredados da materia arqueolóxica e folclórica, chegaron ós nosos días co creto artístico, e aínda relixioso, mingüado de todo.

Agora pretendo soamente dar unha moi lene idea das cruces de pedra de Bretaña, porque a elas terei de referirme arreo cando publique o meu traballo encol dos cruceiros galegos.



CASTELAO,
As cruces de pedra na Bretaña (1930)

Por que sae agora este libro

[...] Neste libro non falo máis ca de mulleres. De mulleres galegas. Todas son da miña aldea. Todas son auténticas. Hainas que levan o mesmo nome que teñen. Ata algunha pertence á miña familia.

Sempre me comoveu fondamente a vida das nosas mulleres de aldea: tan traballadas, tan resignadas, tan bondadosas, tan resistentes. Por unha cousa non lles queda a outra. Elas atenden ó da casa e máis ó de fóra. Para elas non hai çansazo. Nada as rende; nada as fai ceder. Desde pola mañá ata a noite non teñen paraxe. Moitas veces teñen que face-los labores cun fillo no colo e outro a chegar... [...]

Este libro foi feito coa ilusión de arrecadar simpatías para os nosos aldeáns. Para as mulleres sobre todo, porque as mulleres son as que máis fan senti-las malas condicións do vivir das nosas aldeas. Pero o que se di das mulleres pódese tamén dicir dos homes, inda que os homes non impresionen tan tristemente, en xeral. Por algo son homes.

Eu son nado e criado na aldea. Pasei as miñas tamén, como fillo de pais pobres que o tiñan que gañar polo día para podelo comer á noite, e que non puideron dar ós seus fillos nin sequera todo o pan necesario a tódalas horas. E xa non digamos outras cousas.

Non sei se será porque aínda levo na alma os tristes recordos daqueles inesquencidos días, e non podo aparta-la vista nin o pensamento dos pobres aldeáns, que viven sen amparo social e xurídico ningún e nunhas condicións de traballo tan duras e tan estreitas e tan lastimosas que ningún corazón xeneroso, de amplo latexar, pode ver sen inxuria dos máis nobres sentimentos humanos.

Xosé LESTA MEIS, *Abellas de ouro (1930)*

Da medida das cousas

Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu digoche: Galicia é un mundo. Cada terra é coma se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez máis, non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras e, dende logo, moito meirande de como ti a ves [...]. Do grandor do teu espírito depende todo: canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo, nela estará o mundo todo con todos os seus climas. Se o teu pensar se detén na codia das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena. Es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.

VICENTE RISCO, «Leria XXVIII», no xornal *Galicia* (1925)

A vida económica

A Galiza da Idade de Ferro foi, segundo se tira dos autores gregos e latinos, un país de metais, de bosques e de gando, e á beira destas principais fontes de riqueza, iniciábase unha agricultura dedicada de preferencia á procura dos grans e do liño.

Os xacementos metalíferos do chan galego son gabaos acosamente por case tódolos autores que deles se ocuparon. Segundo Posidonio, había no país dos Artabros grande fartura de ouro, estaño, prata e chumbo. Estrabon fala do estaño e do chumbo das Cassitérides. Alusións ás minas galegas encóntranse en Marcial, Plinio, Silió, Claudiano e Solino.

«País feliz que ten dabondo froitos e gandos», chama Estrabon á nosa terra. [...]

F. L. CUEVILLAS, *A Edade do Ferro na Galiza* (1924)

O morgado

Don Caetano era polo de entón un home de idade indefinible. Sempre fora un nugallán amorrinado. O que el dicía —«para iso son morgado»— cando de nenó teimaban de lle facer debullar o latín. Pequeneiro de corpo, de pouco xenio, gastaba as horas mortas facendo solitarios ou paseando pola grande solaina do norte, que deixaba axexar por riba da muralla do patio o que se pasaba polo camiño e na feitoral. O seu vivir era deixarse levar polo vivir do pazo como un torgo é levado polas correntes dun río. Grazas ás sabias disposicións e costumes dos antergoos, as cousas figuraban facerse de por si, por unha vontade natural. O pazo antigo podía gardar un farto isolamento. Só algunhas viaxatas á cidade con criados e bestas chamaban a atención e a envexa dos burgueses polo gasto desacostumado no humilde desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios. Ademais do clero, os fidalgos campestres significaban entón a gran reserva tradicional de fartura e de enerxía. Eles seguían iguais a si mesmos. Algúns, os máis sonados, botá-

banse á loita política e facían toladas por un partido, un amigo, unha idea. Os do pazo da Seara de Trasouto non eran destes. Rematadas as compras na vila, salferidas as onzas, visitadas unhas cantas amizades, voltaban ás súas fartas casas, onde recibían de lonxe en lonxe as visitas dos amigos separados por leguas de andadura. Para iso estaban os triados e as bestas. Os froitos chegaban ó seu tempo, mainaménte, en ciclos litúrxicos seguindo o decorrer das sazoóns. No setembro cobraban as rendas do pan.

OTERO PEDRAYO, *Os camiños da vida* (1928)



Se eu fose autor

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obrina duraría dez minutos nada máis.

Lance primeiro

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello patrucio e tres nenos louros. Todos choran a fio e enxoitán os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgraza. O pranto debe ter unha graza choqueira, para que estoupen de risa os do «patio de butacas».

E cando se farten de rir os señoritos, baixará o pano.




Lance segundo

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguinas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitán as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

CASTELAO, *Cousas* (1926)

Retrato de don Celidonio



Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súaon en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de don Celidonio. Se lle escacharan a testa, tiña que ser con paufferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo de Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo os sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau.

Tamén Baldomero García viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo polas portas, cunha blusa azul curta, cigíolas e chapeu coma o dos charros de Salamanca. Era pequeno, feito de cordas e sarmentos, e tiña a gadoupa enguruñada, adoito para apañar as cadelas.

A poder de pasar fame, puxo unha tenda nun buraco cheirento e escuro, alumado cunha vela de sebo, e durmía na trastenda. Despois ganou e chegou a mercar a casoupa en que vivía. Logo ganou máis, alugou a tenda e mudouse para outra meirande, e trouxo da súa terra a doña Emerenciana, co seu capacho e o seu periquito no cume do peiteado, que metía na praza moeda falsa e rifaba coas regateiras e cos parroquianos, e á Nicasia, a filla, a quen non deixaba medrar a nai, que tiña un xenio coma un can adoecido.

Os tres cheiraban a bravío, coma as cabras. Mais a forza de fame, aforraban e daban réditos. E chegaron a mercar outra casa na Praza Maior. E despois ganaron máis, e mercaron a casa en que vivían e tiñan a tenda e as rendas dun señor velliño que alí morreu e que lles debía cartos.

E fóronse achinando. A larotá era boa, mais o negocio ía para diante, e por fin arriscáronse a levar a tenda para a Praza Maior, xa que non tiñan que pagar aluguer. Daquela foi cando trouxeron ao Celidonio.


VICENTE RISCO, *O porco de pé* (1928)

Lectura 2

Nova York é noso

O neno tiña algo que lles dicir ós outros nenos que andaban a enredar con el na beiramar. Tiña algo que lles dicir, pero non remataba de dicilo. Por veces poñía cara de malo, cheo como estaba daquel orgullo que non certaba a deixar ceibe. Ata lle rabuñou a outro, así nun pronto, a lle brincar na cara os lampos dunha íntima fogueira. Esbandallaba todos os xogos con aquel seu desacougo, mesmo como de gato alporizado por veciñanza de treboada. Era un raro rebuldar o seu, con súpetos enlevos.

Seu pai chegara aquel mesmo día de Nova York e os demais nenos non lle preguntaban nada, nin lle facían máis mimos e respectos ca outros días. Quizais por iso, porque a pregunta non chegaba, foi polo que rabuñou a quen el coidaba que calaba adrede. Sacou do peto un asubío novoño, de forasteira feitura e moito rebrunido, e púxose a chifrar cheo de coraxe. Non o quixo emprestar a ninguén e gardouno outra volta no peto, domeándose moito ó enfonadar a man para demostrar un peto fondo, coma os petos en que se gardan as mellores cousas. Arredor dos seus ollos bulía un sorriso dubidoso, ninguén sabe se malo ou suplicante. Mais non lle preguntaron nada.



Seu pai chegara de Nova York aquel mesmo día. Virao desembarcar no peirao vello. Traxe azul. Viseira de carei. A cara forte coma unha proa. Branco e grande o dentamio. E nos ollos, afeitos a longanías e grandes rumbos, ningunha fachenda.

Houbo un intre en que o fillo do navegante andou a rentes de chorar. E as súas bágoas dispararíanse como frechas quentes e coraxudas. Pero non chorou. Ergueuse con máis cara de malo aínda; o peito en arco, a manciña pechada, os labres a tremar. Ergueuse así, garboso, o neno e dixo soamente:

—Nova York é noso!

RAFAEL DIESTE, *Dos arquivos do trasno* (1926)



1916

PREZ DE HONROA
da Casa, e soc. de ed.
de...
da Casa de...
Número I

Número I

— Redacción —
e administración:
CANTÓN GRANDE
— 36, S. B. —

A CRUZA
14 NOVEMBRE

BOLETÍN DE CERCA

Mezclina da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'America e Portugal

A BANDEIRA ERGUEITA

[...] Toda a nosa personalidade está na nosa lingua. Por iso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora providencial da nosa conciencia colectiva, veña a inserirse na voz da xuventude vilega, para restaurar entre todos un sentimento, un pensamento e unha acción que dean mañá o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que fará progresar a Galicia esnaquizando os logreiros e os lavercos. [...]

Galicia é unha patria natural con língua de seu. As dúas columnas do noso ideario que non tiveron en conta os sublimes Precusores, seguíndose de aquí o seu fracaso. Temos unha lingua propia, feita de Deus e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas nin dicionarios que axudaran a fixala e a pesar de cinco séculos de centralismo: lingua harmoniosa que naceu do latín, esgazada da árbore da soberanía de Roma para parir o castelán e o portugués, para vivir en triunfo con xeito internacional nas Cortes dos reis e nas xustas de amor, lingua viva que entenden moitos millóns de homes máis alá das fronteiras; que fixo dos galegos, lonxe da terra, lazarillos espirituais dos casteláns. E unha

lingua así —máis *extensa*, máis práctica ca a catalá— ¿non é a nosa mellor arma? ¿Poderemos esquecerla? Se a lingua é o escudo da personalidade dos pobos, máis forte ca as armas, ¿que loitas ganaremos sen ela? Se a lingua, soamente, dá a autonomía espiritual, as outras autonomías separadas ¿valerán algo?

Hai, pois, unha política para nós: a gran política da lingua. Se conseguimos interesar nesta política ós novos intelectuais e ás xeracións que veñen, volveremos ser fortes. Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo; pénsase como se fala, e fálase como se pensa. Cando morre un idioma, morre un pobo. Por que a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home —dixo Emerson— é a metade de si mesmo; a outra metade é a súa expresión. E nós non temos máis expresión cá que nos impuxo Castela, facendo posible que Galicia se puidera chamar, xenericamente, *Caciquía*.

[...] Este boletín é de tódolos galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as súas follas serán dignas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época.

ANTÓN VILLAR PONTE,
n' A Nosa Terra.
14 de novembro de 1916

Adrián e a lingua

No cuartiño, chamado dende os tempos do pai o despacho, había unhas dúcias de libros galegos do dezanove. Primeiras edicións, inxenuas de formato e decoración, saídas das imprentas escuras de Ourense, de Santiago, de Ferrol. [...] Adrián lía, novamente, os poetas que de neno o fixeran chorar, non sabía por que. Despois, en Madrid, tivera vergonza daquelas bágoas.

Agora Solovio sabe moi ben a razón daquelas bágoas e non se avergonza delas. De noite, á luz dunha candeala acompañado pola música da chuva nos vidros, Adrián percorría un a un os poemas dos *Queixumes*. En Europa en cuartos confortables, ao pé das rúas onde se fai a actualidade do mundo, Adrián lera os poetas novos. Non lle producían a impresión do pequeno libro esquencido na alcoba da casa vella, perdida na campiña galega. Xurdía unha afirmación de raza e de lingua.

Ao correr do inverno Adrián falaba sempre galego co labregos. Gozaba nas laticradas do señor Bieito de Medelo, particularmente. Era vello, vivía nunha casinha limpa e terrea nun recuncho, o máis escondido do val entre penedos e piñeiros. [...] O home tiña unha fala na aparencia ruda e lonxana, e nela as verbas perdían individualidade na rexa fábrica das frases. Mais deseguido se advertía a fermosura e o tino das palabras, sinxelas expresivas, pintorescas, unhas dun sintetismo completo, outras feitas de matices, incomparables para expresar os momentos decorrentes e fuxitivos da vida do mundo.

Algunhas veces Adrián coidaba ouvir un baixo latir cheo de mocidade e de futuridade. No comercio co labregos, o esperto senso crítico de Solovio aprendeu ben pronto a falsidade dunha afirmación na que el, polo costume e preguiza, participara: a de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e para a Filosofía, por exemplo. Pois desque Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado, non tiñ que loitar contra a lingua demasiado feita e traballada que lle impuña unha retórica moitas veces enxoitador do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión había unha garantía de mocidade. Tampouco ollaba a morte diaria do galego nos beizos dos paisanos que falaban castelán por influencia da cidade e de América. Era un castelán exterior e falso. Na construción da frase, no acento, na alma das verbas falaban galego disfrazado doutra cousa transitoria.

RAMÓN OTERO PEDRAYO, *Arredor de si* (193)



O idioma e a cultura

Eu diríalles máis: prohibistes o galego nas escolas para producirdes no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicasen o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de Xustiza e chegastes a castellanizar barbaramente a toponimia galega. E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados. [...]

Algúns homes –galegos tamén– andan a falar dun idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfección baixando pola escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o degoro de chegaren a ser deuses e renegan das inquedanzas que produce a sabedoría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, coa súa variedade de culturas, é o sig-

no distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velaí a demostración: un can de Turquía ouvea igual ca un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas argentinas rincha igual ca un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal.

Un idioma non nace pola vontade xenial dun grupo de homes; nace pola predisposición psicolóxica dun pobo, que, en condicións históricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura [...]. O problema do idioma de Galiza é, pois, un problema de dignidade e de liberdade, pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legais para o desenvolvemento natural do noso espírito, porque queremos volver presentarnos dignamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (saboría manifestada) para ofendalo ao acervo espiritual da Humanidade.


CASTELAO, *Sempre en Galiza* (1944)

Lectura 5

Ensaio histórico sobre a cultura galega

Gozou Galicia desde o amencer dos tempos históricos dunha conciencia orixinal. Esa conciencia pervive aínda hoxe. Ela inspirou os períodos vitais de Galicia. Os períodos calados, mortos, significan un recollemento, un silencio da conciencia galega. O feito de que seguise existindo á espera de mellores tempos non dubidaremos en explicalo pola feliz e total adaptación da raza á terra.

Cando viu na cidade imitadora e sometida desterrado o seu idioma e esquecidos os seus costumes, seguiu incólume a profunda e sosegada vida do campo como reserva do porvir. Sobre a orixinalidade galega creada coas súas virtualidades esenciais na época céltica, pasaron sucesivamente a civilización romana, a cultura xermánica, o occidentalismo creador da Idade Media, o imperio español, a revolución mecánica e ideolóxica do século XIX. Agora pasan sutís, profundas, difíciles de captar, as novas determinantes do século. Ningunha delas matou a conciencia galega. Soubo adaptar algunhas e, incorporándoas e dirixíndoas, acadou períodos de eficacia superior. Soubo agardar pola fin doutras sen menosprezar a propia esencia. A evocación de tales momentos será o obxectivo deste libro. Pero non queremos comezalo sen indicar a individualidade de Galicia dentro das culturas peninsulares. Non dubidaremos en ir buscar a súa orixe a un europeísmo superior. Se comparamos Galicia coas outras terras peninsulares, veremos que nada debe nin ás xentes nin ás culturas do Sur. Escapou á semitización. Non foi ibérica nin árabe. O



carácter diferencial español e o mudexarismo non pode aplicarse a Galicia. De estirpe aria, atlántica e occidental, a entraña histórica galega pode clasificarse de insular, e tanto pola súa forza de conservación como polo seu poder expansivo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO,
Ensaio histórico sobre a cultura galega (1933)

Salón de entrada e recibimento na planta alta do casal de Riosagro. No fondo, á man esquerda do público, unha porta ben cumprida que deixa ver o descanso e a balaustrada dunha escaleira de pedra e, máis alá, as ponlas floridas das árbores do xardín. No testeiro da fronte unha mesa e un espello de cadro dourado que fagan xogo. Á banda dereita, portas cubertas por cortinón de xeito antigo. Ó erguerse o pano son as nove da mañá dun domingo de sol roibo, no mes de maio, e atópanse no salón Rosario, misia Manuela e Marirrosas.

ROSARIO: (Namentres axeita a mantilla, cara ó espello, axudada de Marirrosas.) Chegaremos tarde! Santiña sempre a derradeira! Santa!! Santiña!!

MARÍA MANUELA: Déixea tía! Que lle quere pedir a catorce anos!

ROSARIO: Imos entrar dimpois de mudar o libro! Santiña!!

SANTIÑA: (Vén arranaxando os cabelos, coa mantilla sen pór.) (A Rosario). Hoxe erguícheste de mal aire! (A Marirrosas) Como inda non estou afeitada!

ROSARIO: Polas trazas non acabamos en toda a mañá. (A Santiña) Pon á présa esa mantilla!

SANTIÑA: De Marirrosas, non digo; o que é ti, podes falar! Hai dúas horas que andas prendendo alfileres! (Achegándose a Marirrosas para que lle poña a mantilla, con mimo.) Axúdame ti, Marirrosas, axúdame ti! Ai, meu Dios, tes hoxe unha cariña que namora!

MARIRROSAS: Mimosa e garuleira non hai outra!

SANTIÑA: (Volvéndose cara a M. Manuela.) Entón? Non vou ó seu gusto?

MARÍA MANUELA: (Contemplándoa embobada.) Cumprimenteira coma sempre!

(O resto da conversa, ata a entrada de don Salvador e don Pedro, desenvólvese á présa, namentres as rapazas axeitan os mantiños, botan a derradeira ollada ó espello e recollen as sombrillas, os rosarios e os libriños de misa.)

ROSARIO: Hoxe traes mozo!

SANTIÑA: Pois non vou mercale!

ROSARIO: Pero se o atopas no camiño!

SANTIÑA: Hache de vir polo seu pé, que eu non me adoito a andar co gando pola corda!



MARÍA MANUELA: (A Rosario) Métete con ela e xa verás!

MARIRROSAS: Acabade, que se perdémo-la misa perdémo-la viaxe!

SANTIÑA: E as que a teñen ofrecida inda perden máis!

MARÍA MANUELA: (Fixándose no dito de Santiña que o marcou sorrindo para Marirrosas.) Ofrecida?

SANTIÑA: Puidera ser! Vostede non sabe que para os amores de lonxe fanlle moi boa man ó noso San Benito?

ROSARIO: (A Marirrosas, sorrindo.) Como che acerta!

MARIRROSAS: (A Santiña) Que faladora! (Como se a reprendese.) Se calaras...!

SANTIÑA: Perdóame! (Bicando a Marirrosas.) Dáme o corazón que vai a vir! Calquera día témolo aquí! (Tomando o aire dun mozo que trouxera bastón e un xaruto na boca.) Oiga, ché, amigo!

(Pola porta do fondo entran don Salvador e don Pedro.)

D. PEDRO: (Cos brazos erguidos, como declamando.) Ben se ve que estamos no maio! Rosas acotío! Rosas nas valgadas, rosas nos camiños, rosas nos fogares! Rosas por aí fóra, rosas aquí dentro!

(Rosario e Santiña bican a seu pai.)

[...] Pola dereita entra Madanela, medio espida, como quen se ergue para se volver deitar. Madanela é unha florina nacida nun illó. Así que se amostra, reloce a cara de Lumia.

LUMIA: (roñándolle cariñenta) Pera Nela ze ti?

MADANELA: Espeitome o vento, madre, e desvelei. Quen eran eses homes?

LUMIA: Espadarte e Rapeta; viñan por teu irmán.

MADANELA: Con este vendavalón? Saen ó mar hoxe?

LUMIA: Pouco se desviarán das penas; van ó endeño.

MADANELA: Agardar a que esbardase.

LUMIA: A ardentía bota arribazón.

MADANELA: Con todo...

LUMIA: Volve á cama, meniña. Vés medio espida.

MADANELA: Un pulo non máis (lerosa). Tiven un soño moi boniteiro. (Séntase a carón da nai.)

LUMIA: (aloumiñando nela) Pois logo?

MADANELA: Chegara el...

LUMIA: Dio-lo traia.

MADANELA: (afuzada) Virá, madre, virá nun dos primeiros barcos. Boeno. (Contentosa de relembra-lo soño.) Chegara el e nós forámolo recibir a bordo... (Séntese ouvear un can.) Xesús! Que foi iso?

LUMIA: Un can ouveando.

MADANELA: Asina oulaba o do meu soño.

LUMIA: Pois ¿non soñaches con Xelo?

MADANELA: Si; pero verá, tamén había un can. Un can mouro, moi rabisco, doente quizais.

LUMIA: Sería o urco, o can do mar.

MADANELA: O urco é malo? Pois era el.

LUMIA: Din que o urco é un can moi grande que en noites pechas sae do mar, e vai por rúas e por congostras ouveando con outros cans que acoden a lle dar escolta. Leva unha cadea arrastro. Por veces detense, e tódolos máis fanlle roda, calados.

MADANELA: (estarrecendo) Que medo!...

LUMIA: Cousas de rapaces.

MADANELA: Quen sabe?... Tamén din que os ouveos dos cans ventan morte; e ese de antes...

LUMIA: Vaia, conta do teu soño.

MADANELA: Forámolo recibir a bordo. Breixo levábanos na minueta, bandeira en popa. El estaba alá enriba, na amura, saudando co sombreiro. Vostede ben sabe como é danzal e fampista.

LUMIA: Eu non o coñezo, Nela.

MADANELA: Certo. Temíase de vostede e desviábase. Estarrecía entrar na casa; na outra, que desta non sabe que nos mudamos. Desde aquí verémolo sobre cuberta. Case vivimos a nado. Boeno, ¡que alegría, madre! El saudaba... tirándome bicos. Pero eu non podía chegarlle...

LUMIA: Cousas dos soños!...

MADANELA: Xurdiu un can e traboume da faldra, turrando por min. (Óese berrar roucamente a serea dun vapor grande, lonxe.)

LUMIA: Un can na minueta?

MADANELA: Si; un can ou un lobo, non sei. E o máis extraño... ¡cousas de soños!... foi que aquel can tiña a faciana de Rapeta. Ese rapás non me chista cousa. Parece que leva un felo: un felo de velliño resésego. Logo, sempre rindo. Dá anguria. Figúrame que debe ser xeado coma as cóbregas, e se se lle tocara nas fuzulas... ¡Ui, que noxo! (Volve soar a serea en urlido longo...) ¡Xesús, como brama ese vapor!...

LUMIA: Haberá certume e pedirá plástico.

MADANELA: (medrosa) Parece que laia, madre.

LUMIA: Pola noite, ¡xaora!, todo asusta.

MADANELA: (seguinto o conto) Entón el saltou na minueta e, ¡pumba!, chimpou aquel can no mar. Logo colleume nos brazos... ¡É máis gaioleiro!...


O bufón d'El Rei

Escena terceira. A raíña, á azáfata

A raíña Iolanda camiña diante. Ortruda, a azáfata, que é moi vella, vén atrás dela. Falan baixo. Parán as dúas diante do poial de pedra.

ORTRUDA: Aquí é o sitio. (A raíña bota un salaio.) Agora deixareivos.

IOLANDA: Este querer pode máis ca min, Ortruda... Endexa-
mais pensei ter tanta coraxe. Cegoume Guindamor, den-
de que aquí chegou de cabaleiro errante e ganou aquel
torneo. Cegoume, e por el douno todo, e por el son va-
lente... Ortruda: soamente hai unha cousa que me pon
medo...



ORTRUDA: O Bufón?... Ese é o de
menos... É un pobre tolo, e anda
ademais borracho todo o día...
Cando o voso esposo e señor non o
fai beber, embebédano os homes de
armas e os fidalgos da garda. Cando
non, bebe cos criados na cocina...

IOLANDA: Non, non o sabes ben: non víche-
-los seus ollos fitarme cando pensa que
non o ven; reloce na escuridade coma
os dos lobos... Din ademais que é moi
sabido, que non é o que pensan...

ORTRUDA: Señora, eu deivos deco-
te bos consellos. Grazas a min, o
vosu querer é un segredo que nin-
guén sabe, agás nó-los tres. Decote
vos dixen que mirádeses ben
polo voso recato e, facendo o
que eu digo, ningúen sospeita
nin ha sospeitar nada. Dos ve-

llos a prudencia e dos novos a coraxe. Guíese por min,
vosa Alteza, e non lle ha de ir mal... É non pensedes no
coitado do bufón, que, coma os outros, está na neve...
Ollade, Guindamor vén aí; eu voume. (A Raíña séntase no
poial. A azáfata vaise devagar.)

Escena cuarta. Iolanda, Guindamor

GUINDAMOR: (Chegando onda a raíña co seu azor no puño.
Achégase a ela e finca de xeonllos no chao.) Raíña que reina
noite e día na miña memoria, no meu pensamento, na
miña vontade...

IOLANDA: Cabaleiro de lanza invencible, que conqueriu nun día
os corazóns de todo un reino e a alma da súa raíña...

GUINDAMOR: Que conqueriu coroa de rosas máis pesada e
punxente do que a coroa de ouro dun rei; coroa de rosas
que pon máis coidado no meu corazón, decote a tremar,
que o traballo de reinar; que pon máis medo na miña
alma que a ameaza dos inimigos que endexamais temín.

IOLANDA: Por que tanto receo?

GUINDAMOR: Señora, eu ámote faltando á lealdade dos meus
xuramentos...

IOLANDA: Lancelote amou coma ti...

GUINDAMOR: Señora, eu ámote agardando sempre, longa-
mente, anguriosamente, a dita que non chega...

IOLANDA: Así agardou Amadís.

GUINDAMOR: Señora, eu ámote dun xeito que soamente a
morte pode enche-la cobiza do meu corazón...

IOLANDA: Deste xeito amou Tristán...

GUINDAMOR: Angurioso estou coma Tristán, ansioso coma
Amadís, desleal coma Lancelote...

IOLANDA: Desleal! E non é fermoso amar deste xeito...? Eu
quírote querer así, culpablemente, contra o meu deber,
contra a miña conciencia, condenándome por causa túa...
Eu quírote querer pecando, pecando por ti..., sen ter
máis lei que a lei que che teño, sen ter máis fe que a que
che xurei a ti, cando che din hai pouco o meu anel...

GUINDAMOR: Iolanda, por ese anel que me deches, polo noso
amor, pola nosa fe xurada para sempre, pola miña pena,
polo meu degaro inesquecente, dime: ¿cando vai se-la
hora en que me dea-lo premio de tantas bágoas, de tanta
inquietanza, de tantos pesares? Dime, Iolanda!

VICENTE RISCO, O bufón d'El Rei (1928)

A ponte

*Unha ponte xorobada riba da auga escura de salgueiros. Un
acto e catro cadros e diferentes horas. Pasan pola ponte catro
diversas escenas: o Amor, os Bandidos, a Morte, os Pobres.
Tempo fantástico.*

I

*Mañá de neboeira apegada ás encostas dos piñeirais. A
néboa fai fantásticas figuranzas. Chega un mociño doncel
portando nos brazos unha fermosa doncela, despeiteada.*

O MOZO: Vannos pillar. Non están os cabalos que mandei. ¿E
eu terei forzas para levar o peso levían de meu amor?

A DONICELA: Denantes de que nos collan alaguémonos
entrambos abrazados nas correntes do río. ¡Así o noso
amor ficará inocente!

Oense na néboa sons e voces dos perseguidores.

O MOZO: Ímonos esconder neste cabrifollo tecido, que
pende no arco da ponte. Ben agarrados e silenciosos
nin caeremos nin se decatarán de nós. (Choutan
o peitoril e escóndense con medo agarrados ás vellas
pedras. Botan ó río o veu dela e a casaca del.) Paxariño
do cabrifollo, canta polo noso amor.

O paxariño canta cando chegan os perseguidores.

OS PERSEGUIDORES: Por aquí deberon pasar. Agora descobre
a neboeira e non se miran na encosta de por fronte.
Este paxaro canta asustado. Ouh!, aquí nas silvas, un
anel de cabelos louros. Son dela. E, no río, o seu veu
e a roupa del. Afogaron, quixeron morrer os pobriños
nenos.

Os perseguidores descóbrense e rezan emocionados.

II

*Noite cun anaquiño de luar. Cinco ladróns con trabucos. Pa-
sa aturuxando un mozo farreante.*

OS LADRÓN: Pobre rapaz. Vai de tuna. Deixádeo ir.

O MOZO: Tiveron medo da miña moca, ¡ei carballeira!

*Pasa un señor. Saben que vén de cobrar as rendas. Rexístrano
e, non atopándolle un chavo, danlle morte.*

OS LADRÓN: Demo de home! Roubáronllos ó xogo outros
ladróns menos dignos ca nós!

*Pasa un labrego vello que fai o sinal da cruz ó mirar o morto
e pensa:*

O LABREGO: Amólanse, que eu levo as onzas que me
confiou o señor.

*Os ladróns non lle din ren. Pasa unha fermosa moza da vila.
Os ladróns bótanse a ela.*

A MOZO: Denantes de que me roubedes e me dea a vós,
quérovos obsequiar coas miñas danzas.

*Baila danzas leviás e, mentres os ladróns están engaiolados,
chega a Xustiza e afórcaos a todos nas árbores.*

R. OTERO PEDRAYO, Teatro de máscaras (1934)

Os vellos non deben de namorarse

Lance terceiro. Escena I

Fondo negro e chan negro. Aparece Pimpinela sentada, coa nai á súa dereita e o pai á súa esquerda.

A NAI: Anda Pimpinela! Anda miña variña de abelao!

PIMPINELA: Non!

NAI: Non reparas na que che espera se te casas con ese cuspe? Vivires nunha terroeira como esta, andares coma min. Chegares do traballo feita un esterco, sen roupa que mudar, sen frescuriña para botares no xergón de casulo...

PIMPINELA: Non!

NAI: Ai, meu caravel de cera! ¡Ai, como te deixaches rular por un pito caíro! ¡Ai de ti, se non te coutas! Andarás sempre co corazón enloitado, sen pan no forno, sen lume na lareira, sen estrume na corte. Mirrada de frío e chuchada de fame.

O PAI: Faille caso a túa nai, Pimpinela!

PIMPINELA: Non!

NAI: Esvaeranse as cores que che pintou Noso Señor á mantenta. Deixarás de ser mazán e cereixa. Trocaraste nun figo merado. Cuberta de remendos, torrada pola raxeira, a fuxires dos espellos para non verte. En troques...

PAI: En troques, se lle pos cara ao señor Fuco...

PIMPINELA: Non!!

NAI: Que dis, toliña! Quen te cegou para non veres a regalia do mundo? Quen che botou terra nos ollos? Esperta!

PIMPINELA: Non!

PAI: Queres ser un baldreu coma moitas?

NAI: Quérenche poñer brinços de ouro e ti queres pillos de miseria! Quérenche dar onzas recortadas e pretires lixos do ar! Ai, miña flor da gala, abre os ollos! Xa quixeran as fillas dos máis principais!

PAI: Xa quixeran elas!

PIMPINELA: Non!

NAI: Terías unha casa de vinte fiestras e unha solaina; terías criadas e criados ao teu servizo; terías fartura de pan, de viño e de todo canto pode dar a terra.

PAI: Dúas xuntas de bois e sete vacas.

NAI: Arderían carballos enteiros para que a túa parrumeira botase fume e o señor Fuco cegaría coa túa fermosura.

PAI: E todos sairíamos desta probeza.

NAI: Arcas acuguladas de lenzo, almarios cheos de roupa, e ti a rir sempre coma se foses unha fidalga. ¡Anda meu luceiro!

PAI: E que diaño! O señor Fuco é un vello e cando lle chegue a súa hora, xa verás ti como chaman na túa porta os mellores mozos da parroquia.

NAI: O señor Fuco é un home de ben e anda ceguño por ti, ¡e valo desprezar, meu corazón!

O pai volve a tusir para impor respecto.

NAI: Serás quen de desbotares o consello de teus pais? Unha filla tan boa coma ti...! Deixa ese mozo, Pimpinela! [...] Boeno, miña filliña, boeno. Xa o pensarás mellor. [...] Compara, miña filla, e cavila no que che espera con un e co outro. Dunha banda, o rir, e da outra, o chorar.

PAI: O día e a noite. O pan e a fame. Escolle!

CASTELAO, *Os vellos non deben de namorarse* (1941)

A fiestra baldeira

DON MIGUEL: escoita, Balbina. Eu xa vos teño dito que son moi rudo de entendemento. Eu sei que dúas e dúas son catro, pero se para mo dar a entender vos contentades con chiscarme un ollo, abofé que non entendo lisca. Son moi rudo.

DONA BALBINA: Raposón! Vaia, ¿ti queres ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?

DON MIGUEL: Donosiña non me falou de lle quita-la fiestra.

DONA BALBINA: (*Fuxindo de preitos*) Supoñamos que non. Fáloche eu. ¡Canto mellor non lle quedaría un fondo de xardín fidalgo ou cousa de xeito semellante! Ademais, esa fiestra, véndose as lanchas, o peirao, as redes...

DON MIGUEL: Gústame moito.

DONA BALBINA: (*Seria, reconcentrada e garimosa*) Porque tes os ollos pechados. Ninguén, non sendo ti —que se non es rudo es confiado de máis— ignora o que o pintor vén dicindo con esa fiestra.

DON MIGUEL: E que vén dicindo?

DONA BALBINA: (*Reprochadora e cariñenta*) Babián, babián... Vaia dunha vez: vén dicindo que fuches un mariñeiro. Iso é.

DON MIGUEL: (*Moi abraiado pola dialéctica, pero comprendendo*) E non o fun? E non o son aínda por dentro?

DONA BALBINA: Contigo non hai quen poida. Mellor sería a casa asolagada polas bágoas de Donosiña que darlle gusto en cousa tan pequena. (*Fiducial*) ¿Ti coidas que sería ben, cando deámo-lo consentimento para que Mariñas entre na casa, o lle mostrar ese retrato con esa fiestra que o está dicindo todo? Ben certo é que Mariñas está perdido pola nosa nena, pero as cousas...

DON MIGUEL: (*Serio. Serio de vez*) Abonda. Que veña Donosiña.

DONA BALBINA: (*Indo buscar a Adelaida*) Porque ela non o fai por ela. Faino tamén por ti. O seu trunfo ó fin é teu... O seu señorío...

DON MIGUEL: (*Furioso, conténdose*) Abonda! Que veña Donosiña! (*Mentres desaparece dona Balbina, don Miguel pasea alporizado. Detense cando entra Adelaida coa nai*) Di, Donosa, o que queres.

ADELAIDA: Cantas veces quere que llo digan?

DON MIGUEL: Di, Donosa, o que queres.

DONA BALBINA: Dío, rapaza.

ADELAIDA: (*Medio a cantar como por burla mimosa*) Quero que en troques desa fiestra, que xa sabemos o que vén dicindo, leve o cadro outro fondo máis señor. (*Cun falar máis espido e cortante*) Ter fachenda da pobreza de onte ou de hoxe é ter fachenda ben cativa. E máis cando hai outras cousas por diante...

DON MIGUEL: Non fagas frases enleadas e bonitas a conta do que me custou deixar de ser pobre para que ti aprendeses, con mestres que eu non tiver, a facer frases enleadas e bonitas. Eu non teño fachenda da pobreza. Nin sequera do esforzo que me custou saír dela. Sinto, si, un certo orgullo alá por dentro, pero ¡bah!... ben pouco, Deus ben o sabe, e que a ninguén ofende. escoita: ter sido mariñeiro é para min algo máis, moito máis, que ter deixado de ser pobre. Pero ti non o entendes, porque tampouco os teus mestres, pobre de min, o entenderon todo. (*Vendo a Donosiña chorar*) Non chores, non chores, que iso non é ser terra nin bolña. Se o foses non me houberas feito endexamais ese agravio que... Abonda! Vaite.

(*Vaise Adelaida chorando...*)

RAFAEL DIESTE, *A fiestra baldeira* (1927)

Aló en Lamanide¹

Aló en Lamanide, ó pé do río,
nunha leira de cómaros en sombra,
araba unha xugada de bois novos,
os cornos pequeniños, estrelados.
Ó facer un cadullo, de repente,
a xugada parou.
Que paz inmensa
nas maus daquela hora chea de sol,
leda coma un Mercurio!
No aire as loias²
nin siquera o superon. Un dos bois,
coas faces escumosas cheas de sangue,
caeu entre as sucadas.
Caeu morto!
—Ai, meus labregos do vilar de Albán³!—
Sobre os longos vilares, o azul calmo
do bafexar calado das aradas.
Fontes de auga soñada, quedas, longas,
sombbras de álamos regan a ribeira.
Coma nun liso mármore impasible,
a señardá resalta en dor calada
a un brutamontes, triste coma a noite,
o xato sen parella dexunguido.

Deitado fronte ao mar

Lingua proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque si, porque me gusta,
porque me peta e quero e dáme a gana;
porque me sae de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sen raíces
que ao pór a garavata¹ xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros.
Falar a fala nai,
a fala dos avós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos da linguaxe,
remo e arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque si, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
preto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruíns e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os baleiros,
non falo pra os estúpidos,
que falo pra os que aguantan rexamente
mentiras e inxustizas decotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de bolboretas,
de lume e vento sobre os ollos míos.

Eu non podo arredar as miñas verbas
de todos os que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ese camiño...

CELSE EMILIO FERREIRO, *Longa noite de pedra* (1962)

Na paz das veigas —só— quedou o arado
enrellado na cal⁴.

Ó lado, inmenso,
sacrificado a un fado escuro e triste
un boi, inda xuvenco, doce morto.

Polos bosques abaixo, polos cómaros
de verdes prados moles, gurgullantes
por cen toupeiras vivas de auga nova,
co seu boi sen parella dexunguido,
triste, calado e só vai o labrego.

Entre uns seixos, de prados arelante,
con zoquiñas de vidro patuxando,
salta un regueiro novo. O boi sen sede
mal bafexou a i-auga e inchou as faces
de ávidas ventás en fondo ardor,
coma de auroras ou mazás reinetas.
Arrimado a aguillada e ó carón,
cun non sei qué no peito derretido,
ollos estarulados⁵ e pasmados,
triste branego, amigo de Virxilio,
deixa ir a cabeza do seu peso.

A i-auga tira dela contra a terra,
xogando coa súa sombra enqueimadiña⁶
leda e cruel, aló en Lamanide.

IGLESIA ALVARIÑO, *Cómaros verdes* (1947)

Longa noite de pedra

No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.

CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
e as tebras.
De pedra o chan
e as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreatan,
feitos están
tamén
de pedra.
E eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

CELSE EMILIO FERREIRO, *Longa noite de pedra* (1962)

Penélope

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrulla o soño mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando¹ os prados coma soño,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza.

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, *Nimbo* (1961)

Lingua que rexeitaron os meus pais

Borraron os letreiros dos camiños
cos ben amados nomes das ántergas¹ vilas,
dos silabarios das escolas algareiras
borraron o cantar humilde e puro
da lingua popular.

Sóio no escuro das lareiras
no apartado silencio dos labregos labios,
esquecida das espadas poderosas,
borboriñaba a nosa lingua triste.

Aferrollada coma unha delincuente.
As maos sen calos do traballo,
requintadas e doces, relixiosas,
enfeitadas co ouro dos aneis
roubados á suor dos pobres
empurraron a lingua nobre e pura
a un cadafalso de vergoñas.

Meus pais, tamén, amados ignorantes,
obedeceran as ordes que o espadón
deborcara na poza de Galicia.

E, agora, veleiqué a xenreira xusta
dos mozos nobres e libertadores
tirando do pescoco da aforcada
o barazo inxusto, o odio da canalla.

Inda folguexas, noiva bela,
inda tes verbas na túa gorxa magoada,
foguetes de carraxe pra cuspirilles
ós donos madrileños do billete,
da espada e maila cruz.

Inda tes folgos, lingua enxebre,
nos teus labios de moza asoballada,
lingua dos meus limiaos, dos meus antergos²,
inda tes folgo para bica-los meus ensoños.

Estás agora viva nos meus beizos fondos,
estás agora viva nos meus dedos de home
e acariñando vou teu corpo rebrincante
que ten ás de bolboreta nas palabras.

ANTÓN TOVAR, *Calados escocuros* (1980)

Lectura 1

En tódolos pobos hai un neno murcho

En tódolos pobos hai un neno murcho,
sen niños, nin merlos, nin pios.
Un neno que coñece as esquinas tristes,
ciudades somerxidas, peixes mortos
e o laiar da noite coma un anxo negro.

Polo vento morno bolen os paxaros
e as pedras reloucan embaixo das herbas.
Os peixes máis claros esvaran.
Hai festa nos prados,
mais en todas partes hai un neno murcho.
As arbres son gaitas,
mais en todas as partes hai un neno murcho.
As rapazas fian,
mais en todas as partes hai un neno murcho.
Roca bullangueira,
mais en tódolos pobos hai un neno murcho.

Luz POZO GARZA, *O paxaro na boca* (1952)

Lectura 3

Terras outas e solas!

TERRAS outas e solas!
Serras longas mouras!
Eu son esta coor de soidá...

Ancares soñados co lonxe!
Penas de Marco de Medio Mundo en ringuileira
[do Candedo ás Moás!]

Cimo da Devesa!
Alto da Lucenza
Formigueiros Montouto Pía-Páxaro
tesos cumes do Corel! Pobos probes
ardidos de tristura mouros de queimados!

Lor ruxindo polo val pecho!

Ucedo e ucedo!
Fontiñas outas
penedos
carrozos escuros
fragas agros soutos e devesas!
labregos e pastoras
Que sólo vistes
istes tesos í estes vales!


Aturula a curuxa e canta o cuco
medindo o tempo quedo que se para no cor e tornándose
contra un vén cravarase no sitio onde máis se sinte...

UXÍO NOVONEYRA, *Os eidos* (1953-54)



Lectura 2

Lembranza da lagoa de Cospeito



Estabas queda á tardiña.
¡O sol reflexaba en ti
todas as cores que tiña!

Ao chegar as Primaveiras,
¡as oucas con flores brancas
a engalanar as ribeiras!

Eras vidro quedo e verde.
¡En ti soaban os sinos
de Lucerna e de Valverde!

Miña lagoa de Cospeito:
¡has vir comigo, metida
no máis fondo do meu peito!

MANUEL MARÍA, *Terra Chá* (1954)

Lectura 4

Nai

Tiña unha fita roxa no cabelo.
Lembro tódalas flores dos meus vasos de nena.
Tiña bicos á tarde, qué tesouro,
e bulía en buratos pra dentro dos teus ollos.
A tarde tiña ás de paxaro, quentiño, quentiño;
as túas mans, riscadas do traballo,
calaban moitas veces pra carexarme miúdo...
Eran días sen medo ós corvos sobre a testa
porque todo era estrela.
Logo, qué logo, houbo voar de follas, nomes, xentes.
Abrín portas, pecheinhas; non se acouga con tanta
[multitude;
corrín a ser muller. E na tola carreira, perdín a fita
[roxa
que me chamaba nena. Debeu levala o vento
co froito dos anos, meus anos...

¿Pra que terían ás de paxaros os dedos
que niñaban limpezas no cabelo?

Nai onte laveiche os ollos. E na palma mollada
repousaron aquelas tardes, a fita dunha vida mellor.

Ollos da miña nai. Cobizos de lareira sempre ó fogo.
Seica os ventos vos perden ou vos choran!...

Sen eles, miña historia non ten ollos.

XOHANA TORRES, *Do sulco* (1957)

Oda ós mariñeiros de Cangas

Polo escuro do mar que vos contruba
aínda hai peixes de lus nos seus abrigos,
mariñeiros de Cangas, meus amigos,
meus irmáns de salitre e sol e chuva.

Solte a ría un exército de naves,
mariñeiros de Cangas, traede as liñas,
que, anunciando o fumazo das sardiñas,
pólos cons e cabezos cantan aves.

Polas ondas sen muros e sen diques,
polo lombo do Atlántico azulado,
brinca e bufa o arroás todo apurado
perseguinto os bonitos i os alcriques.

Máis alá de Sobrido ti me guíes,
mariñeiro de Cangas, ti me leves
para ver os espumallos i os percebeos
e mirar dende a popa as illas Cies.

Máis alá do Cabalo e Cabo de Home,
da Negra e deses baixos de Biduido,
mariñeiro de Cangas, vas perdido
e o mar é un gran misterio que te come. [...]

BERNARDINO GRANA, *Profecía do mar* (1966)



Onde a razón do canto

Abro a páxina e digo: iste é o meu canto,
meu e de todos sempre, volo entrego;
collédeo con amor, ata onde chego
ca palabra eiquí vai, duro quebranto.

Védeme cara a cara contra o pranto...
¡Ouh, corazón, ti nunca quedes cego!
O mar brúa...? Ben sei, mais eu navego:
aínda non me venceu ningún espanto.

E non me vencerá, ¿tèdeo seguro?,
porque coral é o canto no que aburo
nomes, estrelas, patria compartida.

E non me vencerá ¿dovos palabra
de honor?, porque en pé sigo e xa se labra
a noutro tempo «espranza presentida».

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA,
Palabra de honor (1967)

Illa

Estreitarei a tua cinta leve
con medo de perder cousas de vidro
Valeiradas estancias de crepúsculo
infernan vermellóns rubíns de espuma
e toda estrelecete rubra prata
convócame a encarnada cuncha lisa
Esta illa de pedra sobre a lámina
do mar de Lapamán en quedo intre
detén o cor cesura de infinito
ou estantía suspensión de tránsitos
Buguinas incendiadas de silencio
prorrompen en estrépito calado
A onda no reventa que está inmóvil
detida no proceso de apreixarte
Moimento de sí mesmo o sol deténse
e o seu fulxir de fogo que alapea
fíxase en brasa ou moeda estática
Ficou queda a gavota a dorna absorta
Naufragou no meu verso tanto instante
Porque hei de rachar este ar de mármoreos
cinguirei o teu van e nun aombro
de carnes todo voltará a ser móvil

Xosé Luís Méndez Ferrín. *O fin dun canto*.

«... y no hallé cosa en que poner los ojos...»

QUEVEDO

Terra de proseguir e non dar nada,
despaciosa Galicia que nos levas
acochados en ti! Lento veneno
que pon nos ollos unha cousa verde!
Lingua que me enche a boca enteiramente
e coma un río interno me asolaga.
Quero dicir teu nome e digo apenas
xente de terra, homes lentamente
un por un devecendo e sendo nada.
Galicia coma un río que se estíña,
terra de esmorecer, patria do vento!
Quero dicir teu nome e digo dorna
baleira, mergullada dorna negra,
grande arado sen bois, feira sen xente,
noite que vén, enorme noite fría...

Quixera alzar meu canto coma un puño
e pór na miña voz teu nome ergueito
pevo non hai ninguén para escoitarme.

X. L. MÉNDEZ FERRÍN,
Dorna baleira de Heriberto Bens (1980)

Estás como caída

Estás como caída,
depresión ou lobos azúis e lonxe esfragándose antigos.

Estás, amor, perdida,
ledamente ensarillada en ti, ledamente
acompañada á morte que se achega con tatuaxe de festa.

Estás, oh castiñeiro de vran,
cobexando tropas de saltóns e chuchameles murchos.

Estás de ventre aberto
e unha procesión de agres berros, volvoretas,
arrótanche as entrañas e os adentros sen luz.

Estás, fuxinte,
eiquí e non estás porque sábe-lo arte
de seres simultánea e agallopar cos ollos os teus trigos nativos
poderosamente ateigada de sol e de mapoulas.

Estás en mín, coma quen ten, sin nome,
un meiro ou un fouciño pra conqueri-los días
nos que ti non estás, nos que ti non estás, nos que ti non estás.

Xosé Luís Méndez Ferrín. *Con pólvora e magnolias*, 1976

REALISMO SOCIAL URBANO

ESTRUTURA: TÉCNICO TELEFÓNICO

PERSPECTIVISMO

A esmorga

— Non señor, non; cando se armou a zarracina no mesón do Roxo, nós xa saíramos. Quedámonos por alí cerca sen deixar de vere, para albiscar o que pasaba.

— Si, señor; vimos que sacaban ao Zamorano, ferido, que se lle vía a cara ensanguentada. Despois saíron outros, todos envurullados nunha grande liorta de paus e navallazos.

— Non señor, non; dígollo outra vegada... Bastante temos co noso sen que nos teñamos que cargar con cousas que non fixemos... Perdemos os cartos nunha partida de sete e media que tiñan armada uns xamoneiros masidaos, que son xente moi caloteira e andan a la salta buena polos feirales, con baraxas amaestradas. Dixenllo ao Bocas pro non me fixo caso...

— Que hei de saber o nome? Digo esto porque mo dixeron uns do Ribeiriño que atopei aló.

— Non, señor; tampouco sei como se chaman... Sei que son do Ribeiriño porque os teño ollado aló, na taberna do San cristán.

— ... pois voltamos para a cidade. Subimos pola carreteira de Trives e metémonos pola Travesía sen atopar a ninquén... O Bocas seguía coa súa teima e agora estaba aínda máis ácrrado nela porque quedáramos sen cartos.

— Coido que non, agora que xurar non o podería xurar. ¡Quen sabe o que pasa nos adentros de cada un! A teima somellaba sere, de comenzo, para vere de novo á belida señora. Cecaís dimpoixa a ocasión...

— Señor, prégonle que non me faga dicire o que non dixen... Dixen que quedara sen cartos e ren máis, e que quizabes por eso voltara á teima de irmos de novo á casa dos Andrada. Ao mellor si saíramos da timba con cartos dabondo, daríalle a vértola por facer outras cousas, digo eu... que eu non estaba dentro dil para sabelo...

Con que ao chegar perto da Praza Maior, oíronse as tres da mañá, no reló da catedral. A xiada estraba as rúas e mais os tellados, que todo somellaba de vidro polo moito luar, i os charcos da chuvia estaban outra volta adurecidos polo carambejo. Cando pasamos pola Lameda aínda se vía o relustro do lume do pazo, que me desacougou moito velo, pois xa me esquecera; ou, ao menos, non pensara nil. [...]

E. BLANCO AMOR, *A esmorga* (1959)

MULTIPERSPECTIVISMO

Xente ao lonxe

Cando era moi rapaz, ouvía certas palabras sen as entender e que, non obstante, quedábanseme na memoria, como se me quedaban, poño por caso, as verbas da gramática que nin se entendían nin había pra que, porque antes de aprendelas un xa sabía falar:

E despois dun tempinho, como non se usaban (*plusquamperfecto, subjuntivo*) afundiáanse non se sabe ondè e viáse ben que eran verbas soamente pra dalas nas leccións e ir aprobando, e despois acabáanse como se morresen.

Mais as que ouvía ditas pola xente, de boca a orella, nas reunións na nosa casa, ditas con intención de que foran entendidas (que non sei como dicilo), coma se lles fora moito nelas aos que as falaban, alporizándose ou sosegándose ao dicilas, ceibándoas con ledicia ou con mágoa, coma se se falase de cousas máis de preto, da familia, dos amigos, dos inimigos. Estas outras verbas eran *solidariedade* (que era a máis difícil), *reivindicación*, *esquirol*, *asalariado*, *fraternidade*.

Outras quedábanseme tamén de coro, anque soamente as lese, quizais pola súa lindura de letra ou pola súa novidade no son: *dialéctica*, *polémica*, *simbólica*; semellábanse coma se espaxasesen no aire roldas de soantes campañas ou gallardetes coridos e pequenos coma volallas.

Outras representábanseme grandieiras e lucidías, case lostregantes, poño por caso *internacional*, que aínda sabendo o que era naquel uso que lle daban os que viñan ás re-

unións, figurábanseme unha enorme bandeira aboiando polo ceo azul dos mapas...

Tales verbas, digo eu, quedaríanseme acochadas no fondo do ser até que chegara o intre, tarde ou cedo, en que cada unha delas se acomodase no seu xusto oco como as letriñas de chumbo nas caixas da imprenta do meu pai. [...]

Outras houbo que endexamais, aínda sabéndoas de moi cedo, acadaron lugar xusto ou durable: *liberdade*, *democracia*, *dereitos*. E outras trocaban de sitio a cada paso: *correlixionario*, *fidelidade*, *solidariedade* (que era a máis difícil).

Algunha vez cavilei que o ir entrando no cheo da vida era tanto ou máis que aprender cousas novas, ou sexa palabras novas, irles atopando un lugar ás gardadas de coro, cedamente aprendidas; un lugar xusto e firme onde se acomodasen unhas coas outras, e todas comigo, cousa que nunca conseguín.

Polo visto, as verbas teñen vida de seu, van e veñen como lles peta; e coidando que mandamos nelas, ao cabo dos anos decatámonos de que, trocándose no tempo tal se troca o noso ser, foron elas as que mandaron en nós.

E. BLANCO AMOR, *Xente ao lonxe* (1972)



RELATO POPULARIZANTE

TEMAS: O MEDO, O HUMOR, DOCUMENTO

ETNOGRÁFICO

TÉCNICAS DA LITERATURA



ORAL

INDICACIONES

Apelando o oente

Os lobos

Moitas veces ouvín dicir que os lobos non atacan as persoas. E isto non é certo. O segredario de Caldas foi comido por eles cando voltaba da feira de Viana. Algúns dixeron que o mataran por arroubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de onda o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afurriada por unha bala.

Aqueles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a unha árbore, mais non puido. Alí estaba a seu carón o revólver con seis cartuchos baleiros no bombo. Era un bo revólver americano. Ó sentirse feridos algúns lobos, todos se botaron riba del. Se tivese un bo foco eléctrico cecais se salvara. O lobo se non se lle fire de morte é peor. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de onda o asegundara. Atináralle na testa e no fociño, e ía deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotes das xestas. Cecais non se me arrepuxo porque era de día.

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non vos riades. Tamén lles pasa iso ós lobicáns. O señor cura de Peites tiña un. De noite fase ó monte e chamaba ós lobos. Viñan con el. Din que abría os tarabelos das cuadras coma unha persoa. Unha noite velouno o señor cura. Era un gran cazador. Tiña un rifle de dez tiros seguidos que lle trouxera un sobriño de California. Meteulle dous tiros seguidos no entrecello ó galgar un pasadelo. O crego estaba na xanela da reitoral cun foco, e o lobicán voltaba do monte, polas tres da mañá, acompañado dos lobos. Abrírono e esfolárono axiña, e viron que tiña o corazón finchado.

¿Sabedes cando se atreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso case que nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando atopan un home só pola serra, pónense a traballalo. Teñen

moito istinto... Xa veredes cómo o traballan. De primeiro, acompañano; despois, pónenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorrega-las pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporizalle os cabelos. Parécelle que lle traxeran arames na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba del e esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por estas terras un caso deses. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu prás Américas. Ó cabo de dous ou tres anos ninguén fala del. Un cazador atopa nunha xesteira unha caveira. ¿De quen sería? Así lle aconteceu ó Pastrán de Vesuña, hai moitos anos. Mais se o home non perde a coraxe, non se atreven con el.

Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa saberedes que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. E vostedes tamén, señoritos...

Non habería rapaz coma el se non fose tan xogantín. Xogaba ata a camisa. Unha vez, na cantina da Cruz, xogou a besta con tódolos arreos, e perdeuna. Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios ou de Bustelo a Vilañán. Era home moi botado pra diante, e o primeiro nas liortas.

Se non me trabuco, fora pola Santa Lucía cando lle aconteceu o que vos vou contar. Por ese tempo todos sabedes que non traballan os capadores. O bo do home adicábase á farra. Había pouco que casara cunha moza de casa forte. Xa estaba en tratos cun xateiro da Ermida pra mercar un cabalo.

Queríano moito en tódolos sitios onde capara ranchos, e convidábano sempre á mata. Aquel día xantara en Arnado. Xa se sabe como son eses xantares da mata. Empezan ás doce, poño por caso, e rematan ás cinco. O fígado asado con aceite e pemento, os roxóns e o raxo. Viño, nunca falta. Tempo de fartura. Xantara aquel día en cas do Rulo. Enchéranse de néboa os cavorcos. Non se vía un burro a tres pasos, dispensando.

O Rulo díxolle que pasara a noite na súa casa. —Andan os lobos —advertiulle— moi bastos. Con esta néboa tan mesta pódeste esfragar. Non che pase coma ó Bicito da Corga, cando ía pra Ferramolín, que se derrubou polo canto do Mazo e foi dar ó río. Alí quedou defunto, cos cadrís partidos por testalán, pois teimou coma ti por saír de Vilarbacú unha noite coma a de hoxe.

Mais o capador había pouco que casara, como vos dixer, e non houbo xeito de facelo quedar. Nin tan sequera quixo levar algúns fachucos de palla pró camiño. E alá se foi o Rugando tan só cunha cachava de freixo e a súa navalla no peto para se defender. Grazas a Deus que coñecía ben o camiño. Xa levo dito que era home valente. El mesmo mo contou en Santa Cubicia de Quiroga, na tasca do Avelino. [...]



Q. U. E. V. E. S. U. S. A. N. O

RECUNCHO + FANTASIA
COLIDN + MÍTICO

Merlín e familia

Quizabes mellor ca dicila fora pintala, a selva de Esmelle, que cae á man dereita, vindo para este reino pola banda de León. El, o camiño que eu levei deica o campo dos Trobos, adéntrase rubindo volta a volta pola fraga de Eirís, que é tan mesta: o camiño vai un pouco a rentes do río e, cando gana o chan, onde chaman Paradas, métese por entre os lamagueiros ata onde din Pontigo, que é unha ponte baixa de madeira, na que moi gustoso é o ouvir o trote curto dos cabalos dos viaxeiros que van e veñen, camiño de Belvís. Os muíños do Pontigo son agora dúas moreas de pedra moura, nas que a hedra encalla e medra, pero eu lémbrome aínda de cando moían o trigo valeco e o centeo das chairas, e había mazaeiros ao longo das presas; o vento tiraba as mazás á auga, e sempre había unha ducia delas, verdes ou coloradas, bailando na espuma espesa e marela, cabo á enrella das canles. Sempre venta na carballeira das Mouras, tan fusquenlla, e o camiño ten présa en pasala e en chegar á aberta camposa de Miranda, ás longas gándaras, ás terras de folgado, ás brañas de El Rei... Dende Miranda vese Esmelle todo arredor, o castelo de Belvís, a fraga da Serpe, a lagoa dos Cabos, e de día, a seu carón, o fume das ferrerías de Vilar. Pola noite, dende Miranda, eu poñíame a ollar como se acendían as luces de Belvís nas outas e apareladas torres, e en comparanza con elas, como pousadas no chan, as luces de Vilar: cando corría vento de Meira, eu tiñame porque ouvía as badaladas do mazo dos ferreiros. Dende Miranda vese todo o chan de Quintás deica o Castro, e as centeeiras darse en ondas, coma o mar, ao amor da brisa, e o ir e vir das mulleres á fonte do Couso. Sempre me lembrarei da cerca da eira, de loureiro romano, tan paxareiro, na que tantas niñadas veleí, e da figueira ramona, tan viciosa ao pé da casa, onda o palleiro grande. Miranda era a pousada de don Merlín.

Eu durmía no faiado, nunha cámara estreita que tiña un ventano que cadraba mesmo enriba do catre. Tomei gusto, pola noite, de rubirme a este, e estar unha hora asomado. E el era polas luces. En Esmelle, na noite, todo se facía con luces. Xa non digo as luces de Belvís, que ben as miraba rubir e baixar, coma paxaros acesos, polas fiestras das torres ambas; por veces todo Belvís quedaba ás escuras, e a pouco, acendíase unha luz pequeniña, coma o ollo dun moucho, no balcón da portalada, e esa luz corría polo castelo, e eu miraba como pasaba dunha cámara noutra, seguindoa cando se derramaba e guiñaba polas fiestras e fiteiras e, de súpeto, acenaba unhas señas no outo das ameas. E eu sabía que era o farol do anano do castelo, que facía a derradeira ronda. Xa non digo tampouco as luces do Vilar, coas que brincaban as ponlas das abidúeiras. Falo das luces que andaban polos camiños, polo camiño real, vindo de Meira, e polo camiño de Quintás, e polo camiño vello, que se afoga na lagoa dos Cabos, e tamén pola lagoa. E corrían e cruzábanse, e de cando en vez xuntábanse tres ou catro, e el era coma unha pequena fogueira no medio da noite. Cabalos galopando debían levallas, tal corrían. E se algunha tomaba o camiño de Miranda e viña cara a min, e ata semellaba, tan viva viña, que asubiaba, prendía o medo en min coma alfinete no alfineteiro, e sen espirme metíame no catre, e tapaba a cachola coa manta, unha manta a faixas verdes, que por ambos os lados tiña escrito en letras coloradas: DAVID. Eu tiña, en verdade, a aquel David nomeado por meu defensor, e ata lle rezaba. Pero penso agora que tales medos gustábanme...

ÁLVARO CUNQUEIRO, *Merlín e familia* (1955)

O murigante

Fálase moito do murigante na Terra de Miranda, nesta miña provincia de Mondoñedo. É unha especie de esparteiro, un rato con azas, pro non voa. As azas vainas usando como abano para aviva-lo lume na cocíña. É moi curioso de contos, e está atento, escondido nun recuncho ou na alacena, ó que conta a xente nos escanos da cocíña. Se o conto que se dixo lle gustou, entón golpea coas tapas das tarteiras e abróura o lume. Aquí chámanlle abróurar a lume a escaravellar nel co atizador ou cunha estela. O murigante sempre ten frío, pro no verán, nos días quentes, sae ó campo a espíallarse. Ten a color negra lucida, é grande bebedor de leite callado, e fai teas, coma as arañas. Aseguran que ten ollos moi humanos, e que anda a brincos. Unha vez, un paisano atopou un murigante na cocíña, na que se apagara o lume. Vai o home e acendeuno de novas. Entón o murigante saíu do seu recuncho, e abaneando coas súas azas, falou:

—Non hai ouro no mundo que pague o saber facer lume!

Á. CUNQUEIRO, *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960)

SEPE 11-2015-1000 BALGOT

Terra brava

O pazo de Lucencia está beira do Cabe, nestas terras bravas, na encosta dunha valgada, fronte á serra de Gondriz, de montes moi ásperos. Polos pés dos montes espállanse moitos soutos; as cimas están espidas. Xestas, uces, érbedos, escambróns, cornabudes, penedos, regatas, costas...

O Cabe forma alí moitas insuas e mansíos.

O pazo de Lucencia foi feito no século XVII. Como outros moitos pazos, quedou sen rematar e fóronse engadindo partes nos outros séculos. Polo que sentín contar, había alí unha torre-fortaleza do século XV.

A fábrica é de lousa e os marcos das portas, fiestras e balcóns, de mármore do país. Ten moitos balcóns de ferro, mais ningún de pedra. Por cada balcón hai polo menos tres xanelas. É dos poucos pazos que non teñen solaina. Como está en sitio ben costento, por unha banda ten dous pisos e pola outra tres. A entrada principal é pola banda do norte. Moi sinxela, sen adornos de ningunha clase, case parece máis ben unha pendella ca o pórtico dun pazo. Fronte por fronte da grande entrada cuberta está a capela. É de planta redonda e ten na cima do tellado, tamén redondo, unha luceira ou lanterna, o que lle dá, vista de lonxe, certa facha de igrexa rural rusa. Está na praza da entrada.

Cingue o edificio un parque de moito arboredo. Hai alí pradairos, tileiros, abetos, cipreses e eucaliptos. Nunha chaira, onde hai un xardín sombrizo, de buxos, teixos e salgueiros choróns, vese unha fonte de pedra, coa súa laga redonda, cunha serea moi ben traballada que deita dous fios de auga polos seos. A serea figura pendeándose ou peiteándose.

No primeiro piso do pazo están as salas: o comedor, a sala de xogo, a biblioteca, o salón de festas e o chamado salón de caza.

No comedor, de moito vagantío, hai unha gran cheminea de cantería, unha gran mesa e un gran aparador. Pendurada do teito, enriba da mesa, unha araña de moitos brazos, de bronce e de cristal de roca. Hai tamén varias pinturas e un gran tapiz nas paredes.

ÁNCEL FOLE, *Terra brava* (adaptado)

1952 P. 1000-1000 11-2015-1000 BALGOT

20

O paraugas Xacinto

REINZ POPULARIZANTE

Guerreiro de Noste iba polo monte, cruzando a serra que chaman Arneiro, cando se atopou cun home que levaba un paraugas enorme, máis alto que el, e a tela de color cincento. Guerreiro deulle os bos días, e admiróuse do tamaño do paraugas, que nunca outro vira.

—Eso non é nada!, dixo o home, que era regordete e colorado, e lucía grandes bigotes.

E amosólle a Guerreiro o puño do paraugas, que era un rostro humán, con barba de pelo e ollos de cristal, e a boca, colorada e aberta, parecía a dun home vivo.

—Vaia boca!, dixo Guerreiro.

—¡Paraguas, saca la lengua!, dixo en castelán o home.

E pola boca aquéla sacou o paraugas a lingua, longa e roxa coma a dun can, que lambéu mui agarrimosamente a man do pequeno. O home quitóuse a boina e púxo a diante de Guerreiro, quen botou nela unha peseta.

—Qué trampa ten?, preguntou Guerreiro, que era mui curioso.

O home ríuse.

—Non ten trampa, hom, que é meu cuñado Xacinto.

E espicou que seu cuñado Xacinto atopara aquel paraugas nun campo, en Friol, e pareceralle un bon paraugas, e como estaba perdido, colléuno, máisime que naquel intre comezou a chover forte. Xacinto abriu o paraugas, e vai iste e papóuno. Tal como o digo: tragóuno. Aberto, veu polo aer a pousarse na eira da casa petrucial, onda o palleiro. Xacinto, dentro do paraugas, berraba pola boca do puño. Acudiron a muller, os sogros e máis os cuñados.

—Son Xacintiño!, decíalle á muller.

—¡Si eres Jacinto Onega Ribas casado con María García Verdes, da una prueba!

E foi entón cando Xacinto, por vez primeira, botou a lingua.

—A mesma!, dixo a muller.

E era verdade, que Xacinto tiña unha lingua mui longa, que lle verquía da boca, o que lle valéu moitos arrestos cando fixo o servizo en Zamora-8. E agora, dende que era paraugas, aínda lle medrara máis co exercicio que facía sacándoa pra decir que estaba alí, e cos aloumiños que facía aos familiares e incluso ás vacas, que a maneira que tiña de alimentarse era mamar nelas.

—Por qué non anda con el polas feiras?, preguntou Guerreiro, pesaroso de ter dado a peseta cando o cuñado de Xacinto lle amosou a gorra.

—Non quere miña irmá, que ate durme co paraugas! Despoixas de todo é o seu home!

O home dixo que iba facer un descanso, e despedíuse de Guerreiro, quen seguiu camiño. O pequeno quedaba falando co paraugas. O paraugas debía decirlle algo que non lle gostaba, que ben viu Guerreiro que o home pegoulle unha bofetada. O paraugas berrou algo. Chovía naquel alto de Arís, na banda do Arneiro escuro. Guerreiro, denantes de comezar a baixada a Lombadas, subíuse a unhas penas e viu coma o home abría o paraugas con grande esforzo e metíase debaixo. Ao pouco tempo, o paraugas comezou a voar baixo, sober das xestelas en frol. Voaba contra vento, e víase ao home dacadalo da caña. E vai Guerreiro e berrou con todas as súas forzas:

—Señor Xacinto!

O paraugas pegou un grande brinco, e seguiu viaxe. Asegura Guerreiro que iba cara Guitiriz e máis á Cruña.

HOME DO ALMO... SILVA...
CASA DO...
Kante de aqui e acolá

Protegnito infantil

Eu son...
ROBUSTO... SODIC... TENSICA... RURAL

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademáis, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña.

No vrao ando descalzo. O pó quente dos camiños faine alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha pra espetáreme nos pés. Ergome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañán, pra ir cogando, restrevar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comenza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muñños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras pra encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sin tentos.

¡Qué saben desto os neños da vila!

Eles ñoran o que eu penso mentras boto ó corpo un gurruncha de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, atecido, vendo

por entre a chuvia un pantasma bretemoso en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cás oubean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e hasta rimos, pero somos tristes. Temos a probeza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nascín e criéime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle poden contar a ninguén. Algús non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. E dempóis durmo como unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocó. ¡Cousas miñas!

Rosa Neira Vilas
Muller de un mundo libre

2. R. 5. 7. E. 7. 5. 1. 7. 0.

REASUSMO MÁXIMO

Todo para Carme

A fonte, e o marelo, e a moza que berraba. ¿Por que espertei outra vez? Non fago máis que soñar estanguirriadas. Cousas que non veñen ao caso. Ou si? Está xeando. E o frío roe en min. Non hai mantas nin farrapos que cheguen. E Carme non acaba de vir. Agora está co mozo na solaina. Eles dous sós, no escuro. Falan e falan, baixiño, sen que se lles entenda. En veces quedan calados. O outro día pareceume que xemían. Non sei... O rato segue roendo no faiado. Decote co mesmo renxer. Antes sentía noxo del, pero xa non. Cando esperto, co frío ou despois dun sono medoñento, escoito o seu relar. Entretenme e faime vir outra vez o sono. Gustaríame ir ao faiado e velo no seu trafego. Pero é seguro que fuxiría, como foxen sempre os ratos. Ramón, o tolo, corre tras deles pola eira adiante, cun baloco, cando se arredan os primeiros monllos das medas do centeo, e liscan os que hai debaixo. O rato do faiado... Tremo co frío. Por que o frío fai bater os dentes? Dou voltas, engrúnome, renxen as carochas no xergón, pero sigo aterecida, son moi frienta. Mañá estará todo branco: os tellados, as viñas, o agro. Coma se guindasen unha saba derriba do mundo. E o regueiro terá vidros. Irei enredar con eles nin ben me erga... Por que berraría a moza na fonte? Sónase cada cousa! Carme non acaba de entrar. Volverei durmir cando ela veña. Chegará cos ollos ledos e as fazulas rubias, coma sempre. Cando se deite ha de arretegarme contra de

si e quecerei deseguida. Ela é boa. Sempre que o mozo lle trae algunhas lambetadas, comparte comigo. O outro lerio é cousa da nosa nai. Quere que Carme case. Fala das mozas solteiras e das rapazas pequechas: Dío por Carme que ten dezaioito anos, e por min; que fixen nove no mes de Santiago. Di que o tempo foxe e despois non hai quen queira a miña irmá. Cavila niso día e noite. Os ovos e a tona do leite son para Carme. E tamén o azucre e a roupa nova e o xabrón de recendo. Somos pobres. O pouco que se pode xuntar vai para ela. Así o dispón a mamá. Teño unhas ganas de chegar a moza! Agora ando chea de remendos, cos zoços escalazados. Ninguén fai caso de min; nin as lendias me sacan. Amais diso, fanme erguer con estrelas, e aturar no monte ou no agro o que caia, saraiba ou raxeira. Toda a comenencia é para Carme. E eu aturo os privamentos e o traballo máis amolado. Todo para que ela estea lucida e ridente e poida casar... Que friaxe! Teño os pés entalados. E Carme segue na solaina, co mozo. Os demais dormen. Debe ser media noite. Todo está quedo, coma se a morte chegase á aldea. Non pasan carros, nin aturuxa ninguén, nin sequera ouvean os cans. O rato, si. El non deixa de relar. E eu... Xa me vén o sono outra vez. O marelo na fonte, e a moza... Somos pobres. Carme... Todo para ela. O rat...

XOSÉ NEIRA VILAS, *Xente no rodicio* (1965)

NOVA NARRATIVA BASEDA
Libro epistolar - TÉCNICA OBJETIVISTA
7ª PUNHA CIDADE DESTRUIÇÃO - ANXIETA
PROFUNDIDADE (OBJETIVO) SOBRE VIOLENCIA

Carta ao lector

...un día chegou, digo, o indiano que chega sempre a tempo para pór unha taberna. E Tains tivo unha taberna. Non importa que ese home, que se foi a América e trouxo xusto os cartos para pór unha taberna, se fixese rico, abandonase a taberna e establecese en Tains a primeira «barra» ó americano con homes de chaqueta branca e paxariña negra. Non importa. Tains seguía tendo taberna, porque o indiano ese que chega sempre a tempo para pór unha taberna, chegaba sempre a tempo para coller un traspaso.

E desde un día, lector, o condutor xa non deixou diante de cada porta os paquetes e as cartas. Tains tiña xa unha oficina de correos, e os ómnibus [...] soben, por cada unha das dúas costas que levan a Tains, sacos de correspondencia. E outro día tamén, lector, avanzaron por tódolos ventos, avanzaron con traballo, coma se fixesen alpinismo, cara a Tains os postes do teléfono. E aínda foi máis difícil, pero tamén foi posible: e Tains un día tivo estación de ferrocarril.

Pero Tains era un pobo novo. Coma un neno pequeno, quizais medrado con demasiada prisa, en perigo precisamente por iso, que nada sabía da vida. E un bo día Tains —un pobo novo— coñeceu a morte. Ninguén sabía por que chegaran e se quedaran alí, nin de que vivían. Soamente se sabía o que se podía saber: que eran case iguais e que o loito as viraba aínda máis iguais. Tres mulleres —apenas si parecían levarse un ano cada unha, desas mulleres que parecen nacidas para levar loito toda a vida. Lector: o tren que ten ocorrencia de ir, ou mellor, os que

encarrilan o tren, que teñen a ocorrencia de encarrilalo pola segunda vía en vez de encarrilalo pola primeira, como fan sempre, e velaí a tes morta, coma un can fóra a alma. Morta a máis vella das tres. E ó ano xustamente ó ano, Tains volveu coñece-la morte. A segunda delas leva flores para o camposanto, porque se cumpre un ano da morte da súa irmá, e vai pola vía porque é o sitio máis cómodo ou, se me apuras, o único para ir cara a aquel camposanto, apenas estreado pola súa irmá, de Tains. Vai pensando nela, lector, e na segunda vía tamén. E entón, inconscientemente, pásase para a primeira. Pero o tren vén esta vez por onde acostuma a ir. Velaí a tes, morta, coma un can fóra a alma, sobre da vía. E ó ano, xustamente ó ano, día por día e hora por hora, Tains volveu coñece-la morte. A terceira irmá vai para o camposanto con flores. Pensa nelas. E na segunda e na primeira vía tamén. Inconscientemente empeza a se cruzar para a outra. Primeira ou segunda, segunda, segunda, primeira ou primeira, ou segunda... Velaí a tes morta, coma un can fóra a alma, sobre da vía. Tains —un pobo novo— tiña xa un camposanto ben estreado. Pero aínda Tains seguía ignorando moitas cousas. Coma un neno pequeno, sen experiencia. E Tains sorprendeu-se, como o que era, coma un neno, cando soubo do asasinato. [...]

GONZALO R. MOURULLO, *Memorias de Tains* (1956)



NOVA NOVARAZION GAZETA

OBJECTIVISMO → O personaxe protagonista é tratado como un objecto

NARRADOR A: PERSON → Monóculo interior

TRAMA argumental
Flúxidos

Corrente de consciencia
Cara a Times Square

ESPAZO URBANO

A orella no buraco

A superficie está lañada xustamente por onde falta a pintura. Anteriormente fora verde, agora era moura, denegrida, marrón, arrubiscada. As estelas eran máis claras. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba co negro enferruxado das patas de ferro. Nalgunhas partes, sobre todo nas extremidades, había pequenos buracos.

Esperto con dor. Teño unha orella metida nun dos buracos máis grandes. As miñas mans penden de ambas as bandas da táboa lañada, engadíndolle dúas patas ao banco, dúas patas curvadas e redondas cunha base sobresaíndo contra fóra coma un sillón estilo Luís XV.

No banco, no extremo oposto de onde se atopa a miña cabeza, sobresaen as punteiras rompidas dos meus zapatos. Ergo un brazo con coidado, comprobando que este desprazamento non afecta en absoluto á estabilidade do banco. Apoiando un brazo no respaldo, e cun pequeno pulo, podo por fin tirar a miña orella do buraco, mentres coa outra man baleira apalpo a orella. A miña man arrédase instintivamente como se recibira unha descarga eléctrica. Un pouco estrañado volvo intentar o achegamento. Esta vez devagar, e comprobo que a miña orella está quente. Toco a outra e está moi fría, igual que as miñas mans, como todo o meu corpo. Decátome de que teño frío, e o meu corpo comenza a tarambelear, a tremer. Volvo achegar a miña man á orella. Podería intentar quentalala. É agradable. Agora podo pensar. Penso. Poden ocorrer dúas cousas:

- 1.^a. Que a miña orella quente a man.
- 2.^a. Que a man arrefría a orella.

Estudando ambas as posibilidades chego a esta conclusión: tendo en conta que todo o meu corpo está xeado excluindo a orella, é máis probable que sexa esta a que termine arrefriándose, e será mellor retirar a man da orella e continuar pensando para resolver a situación.

Teño unha orella quente. Esta orella está quente porque estaba introducida nun dos buracos máis grandes que hai no extremo do banco e, posiblemente, metendo a outra orella no buraco consiga quentalala e deste xeito chegar a ter as dúas orellas quentes. Teño, logo, que buscar o buraco.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN, *A orella no buraco* (1965)

Os tolos gozan hoxe de boa prensa; son publicamente admirados e case como homes que chegaron a un estado superior, desde o que poden ver ata onde a vista dos cordos non alcanza. Eu non nego nada disto; aínda que, a verdade sexa dita, os tolos non me inspiran ningunha simpatía especial.

Certo que hai outros tolos, como Don Quixote ou o capitán Ahab, xustamente elevados á categoría de símbolos permanentes da humanidade; pero eran falsos tolos, ou eran tolos só segundo a opinión de xentes ou de mentes vulgares.

Total, o que lle quero dicir é que a historia que lle vou contar nada ten que ver co mundo da loucura. Noutro caso, non se me tería ocorrido sometela á súa consideración.

Pero xa é tempo de ir sen máis aos feitos:

Eu pasara aquela tarde bebendo whisky (ou whiskey) en diferentes bares do Greenwich Village cun vello emigrante amigo meu.

Os dous eramos do mesmo País —un deses pequenos e desgraciados países que levan séculos desangrándose, vertendo ríos de emigrantes nos portos americanos.

O Greenwich Village, de ordinario, relacionámolo con mozos rebeldes, bohemios, artistas, turistas e demais e non con vellos emigrantes. Pero dábase o caso de que o meu compañeiro fora propietario anos atrás dun *restaurant* ou algo así neste barrio e era, polo tanto, un experto nel, un coñecedor de tódolos seus segredos e da súa vida subterránea.

Eu, pola miña parte, durante a miña estada en New York, case non deixaba pasar nin un só día sen coller un autobús para o Village. Unha vez alí, todo canto necesitaba para pasar unha tarde interesante era deambular polas rúas, descansando de vez en cando nun café calquera. [...]

Outro dos meus praceres baratos consistía en sentarme en Washington Square. Non deixaba de ser un descanso no medio de todo o rebumbio de Manhattan. Pero a miña querencia por Washington Square aínda dependía doutra razón: a novela con este título de Henry James, que lera eu había moito, sendo estudante nun medio social moi diferente. Xustamente nesta novela afirmase que o ideal dun retiro tranquilo e doce se atopaba para os habitantes de New York, en 1835, en Washington Square. Todo canto podo dicir é que eu atopei o mesmo cento vinte e tantos anos despois, non sei se foi cuestión de sorte.

O dono do derradeiro bar onde tomáramos uns whiskies era tamén un vello inmigrante, un veterano camarada, por así dicilo, do meu amigo, e paisano de nosoutros os dous. Había varios meses que non se vían; de xeito que faláron devagar, o meu amigo e mais el, de lembranzas comúns e, sobre todo, da situación actual, feliz ou non, doutros paisanos, vellos coma eles ou máis novos, e camaradas deles tamén na dura aventura da inmigración —a miúdo ilegal— nos Estados Unidos.

CAMILO GONSAR, *Cara a Times Square* (1980)

Lectura 3

PARA COARZO ADXUÑINE → Homólogo interno
 Vou quedar cego

Pregunteille á mamá: «Vou quedar cego?». Respondeu: «Non». Pero non a creo. Hoxe pola mañá, cando me levaron para o corredor do patio, ao sentir o sol pousado na miña pel, dixeran: «A ver». Metín este dedo pola esquina dun ollo, levantando a venda por ver se vía algo, pero non vin nada. Nin sequera unha pouca claridade. Nada. Eu xa tiña a cousa medio tragada, pois pola Santa Lucía a mamá levounme a Paredes de ofrecido. Aínda que me quixeron enganar, ben se vía que a peregrinaxe era por min, porque non me deixaban chistar nin cantar. En cambio a miña irmá ía xogando polo camiño, collendo estraloques e falando coa xente. E eu calado e a mamá dicíndome: «Rézalle unha salve á santa». E eu rezando sen ganas porque o sol quentaba e o camiño era longo e malo, que haberá dúas leguas todo polo monte. Eu lembrábame de cando levaron a nena ao San Benito, que tampouco lle daban acougo facéndoa rezar como me facían a min agora. Ela quería xogar comigo, pero non a deixaban. En troques eu facía o que quería e ninguén me rifaba. E tamén se ve que hoxe na casa fago o que quero e a mamá non me regaña por nada e estame sempre: «Queres tantiño mel, prenda?», «Queres un pouco viño con azucre?», «Heiche traer pan branco da vila». Ben se ve que é que vou quedar cego. Onte rifáronme porque dixeran que ao Camilo xa non lle quería por me dar coa pedra, pero só me rifaron onte. E a mamá sempre que fala do Camilo di que é bo neno e que non o fixo adrede, que iso lle pasa a calquera. A mamá fala así porque sabe que quedo cego e para que non lle garde xenreira ao Ca-

milo para toda a vida. En adiante vou ser como o Nicolás, que anda cun caxato da casa para a aire ou da casa para a igrexa. E de aí non sae. E o papá vese que anda triste porque fala pouco e antonte, cando quedei durmido á hora do xantar, espertoume e dixo: «Durmiches de noite?». Respondinlle que si, pero non era certo. Levo máis dunha semana sen pegar ollo. Cando me meto na cama éntrame unha pena negra no corazón e pónseme o sangue todo cheíño de formigas e acóchome ben abaixo e tápome pola cabeza e rezo. Pero ao rezar non me pasa. E sigo rezando para durmir, pero debo ser moi malo, que xa teño tragado para min que o da cegueira debe ser un castigo polos meus pecados. Agora non, pero antes a mamá xa me dicia: «Ti es un pecadento e has ir ao inferno». E ben se ve que vou ir porque rezo e Deus non me fai caso e non durmo. O verán que vén teño que volver á Santa Lucía de ofrecido e sen ganas de xogar nin de estourar os estraloques. E se fai sol, aguanto, que así tamén fago penitencia polos meus pecados. Neste momento fai sol. Meto o dedo por aquí, por unha esquiniña, e non vexo nada. Chámame a mamá: «Ramonciño». «Mande vostede». «Estás ben». «Estou». «Cómpreche algo, miña prenda?». O sol debeuse meter detrás do monte do Picouto. Xa non quenta. De aquí a pouco virá a noite. Logo cearemos e despois iremos todos a durmir. Só de pensalo échese o sangue de formigas e unha pena grande e negrísima méteseme dentro do corazón.

CARLOS CASARES, *Vento ferido* (1967)

Lectura 4

Adios María

Falando en prata, o que ocorre é que nos pisos de pouco prezo moita modernidade e moito conto, si señor, pero á hora de vivir dentro, soamente aproveitas a fachada do edificio, o resto é pura pacotilla que por exemplo non había cousa segura, e nai pranchando e ¡zas! o enchufe que se solta da parede con placa de plástico e todas son chispas arredor e berrame asustada. ¡Maxa, axiña, ao portal a quitar o fusible do contador! E eu, a fume de carozo as escaleiras de dúas en dúas, ascensor sempre ocupado, que barbaridade, igual hai un cortocircuíto e ardemos coma lume de pallas, do máis perigosa a electricidade, con esta non se pode andar con bromas. E aínda vos digo máis polos tabiques, unha vergonza, un día si e outro tamén escoitando sen querer vidas alleas, de finos que eran e o meu pai, amolado: Ouvimos ata respirar, e eles a nós tamén, hai que poñer unha capa de poliuretano, pero claro ¿como a metes agora? Bótalle guindas, non imos desfacer a casa... E as conversas, con detalle: Mariña, ¿onde me puxeches os pantalóns? Cales? Cales van ser, os de tirantes. No seu lugar de sempre, na porta dereita do armario. Pois non os vexo. Pois volve alá e abre ben os ollos, que para outras cousas ben miras, ben, nada, ho, que non hai día que non me tombe que ti non me veñas con molestias. Mariña, que me estás poñendo moi nervioso. Nada, o de sempre por

non variar, así dá gusto, qué cruz con este home, teño que meterllos na man coma todo...

E logo, tac tac tac
 Ía Mariña cos tacóns
 tac tac resoando no comedor, no corredor
 tac tac tac, xa entra
 ñaaaa a porta do armario que necesita engraxe.

—Ves como estaban?

A ver, que vida.

Así andou a cousa un ano por aí. Resultado, volver a Cantador.

Dixo o Káiser: Eu aquí non paro, teño a miña casa e son dúas mil pesetas que meto na falchoca do alugamento, non vexo a baratura, decide.

A miña nai, nada católica co cambio: «Otilia, canto te vou botar de menos». Otilia, modista, cinco oficiais, unha axudanta. «Otilia, como son os homes, se non fora por ti, que domínigos tan soa». E que contentas co abandono, café da cafeteira italiana, licor de guindas, galletas...

XOHANA TORRES, *Adiós María* (1970)

Lectura 1

O Suso

A voz do Suso chegou a min fortemente, como unha cometa que rinchase:

—Manolito. Baixa. Baixa.

Eu obedecía. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. El era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posible deixar de cumprir os seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros do meu cuarto. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

—Manolito. Baixa. Baixa.

Baixei. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

—Hai un rapaz no río —díxome o Suso.

Eu non lle demandei se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:

—Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz.

Detívose e preguntoume pregando o entrecello:

—Tes medo?

Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo. Pero o caso é que todos os rapaces da Barbaña tolerarían de pracer se Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, como se mordera unha grande mazá que me enchera a boca. Pero eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Díxenlle:

—Non. Non teño medo. E logo?

Puxémonos a andar á beira do río. A néboa era lixeira, coma un cristal algo sucio. Facía frío. Saira con roupa de menos e cando me dei de conta daba dente con dente.

—Estou aterecido, Suso.

El non respondeu. Agora que recordo, xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río. Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igual que un gato bravo, iritado. O río da Barbaña fedía: alí concéntrase toda a merda de Ourense. Ergueuse vento e tiver máis frío. Pero, sobre de todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que el tiña e os xeitos seguros. E a punto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa camiñando con pasos inseguros, todo denotando nel inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos, el non fixo máis nada que isto: olloume fixamente, fixamente. Como só el sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Parei. O Suso seguía a andar. Deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estiven a punto de berrar... Pero mordín o labio inferior e seguín, notando que un delgado sangue me escoaba polo

queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

—Manolito. Xa chegamos. Está na beira, ti busca por alí. Eu vou por alí.

As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei:

—Non... Non...

E el repetiu:

—Eu vou por alí.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise. E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do barrio do Couto. O vento rizaba a auga porca da Barbaña. E batiame o fedor na cara coma unha sucia man. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado na beira, a flor de auga. Foise o medo inexplicabelmente.

Era un rapaz —visto entre a néboa, entre a auga, á luz afastada do Couto— de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:

—Suso. Suso. Suso.

Deille a volta moi asustado, pero sen medo. Deille a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso. Tiña a admirada cara do Suso. O rapaz afogado era o Suso.

Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Volvín berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Inicieí unha carreira cega. Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metínme na cama acorado e molladísimo. Pasou o tempo. Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semi-inconsciencia. E toda a rapazallada do barrio comezou a berrar baixo da miña fiestra.

—Manolito, Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.

Erguinme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN, *O crepúsculo e as formigas* (1961)



O incerto señor don Hamlet...

Unha sala no castelo de Elsinor. Paredes núas, afumadas. Onde non, pousa o mofo verde, que brilla en esmeralda ou ouro vello cando o roza a raiola do sol ou a luz das lámpadas. Á dereita, unha grande escaleira de pedra que ruba á Torre dos Esperteiros. Á esquerda, unha cheminea: no fogar arde un lume canso. Outras bóvedas e podentes trabes de carballo. Unha única fiestra, ao fondo, aberta sobre a néboa da mañá. Aquí e acolá, nas paredes, fiteiras e seteiras. A sala é terrea. Non se escoitan os pasos da xente. O coro baixa amodo pola escaleira. Un fato de xentes escuras, sen idade nin sexo, que visten roupas pardas, ou da color do fume e do mofo, que arriadas ás paredes, confúndese con elas. A parte do Coro vana declamando como por quenda, as xentes estas, adiantándose do mesto grupo para dicila, e volvendo presto ao anónimo. Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixonadas outras, outras graves e reflexivas.

ESCENA I

O CORO. (Deténdose na metade da escaleira, apoiando as mans na varanda.)

Benvidos a Elsinor, señores! Aquí en Elsinor todos temos pechado por mor do vento. Non hai no mundo lugar máis venteado que Elsinor. Todo ten que estar dentro: a xente, o gado, o xardín. E é culpa do vento irado. A ninguén lle praxe saír de Elsinor con tanto vento fóra, semellante a un grande exército ouveador que cercase Elsinor por toda unha longa noite. Por iso os de Elsinor somos xente de pálida pel. Quen sae ao campo en Elsinor? (Seguen baixando). É a verdade: estamos en demasía xuntos entre as paredes antigas de Elsinor. Un home é el mesmo e, asemade, unha grea de homes, uns donos de seu, criados outros, e cada quisque arrastra por cámaras e corredores os vagos pensamentos propios, os soños, as arelas, as inquedanzas e as iras, a ambición, a luxuria, o medo tamén. [...]

ESCENA II

Entra Hamlet por unha porta á dereita, debaixo do rechán da escaleira. Viste de negro, con capa curta. Trae nunha man un libro e noutra unha viola. Pousa ambas as cousas nunha cadeira que hai preto da fiestra.

CORO: Bos días, flor da mocidade! A brétema non deixa hoxe mirar o teu reino. Naves ancoraron na badía non ousando navegar, que non se ben distingue o mar da terra.

HAMLET: Bos días! Pero, quen es ti? Que fas na antecámara de El Rei de Dinamarca?

CORO: Son o coro. En toda peza de teatro debe de asistir o Coro. Son un e son moitos. Podo ser a noite e o día, verbas secretas, boatos que corren, sombras que pasan de aquí para acolá escoitando. Eu son o señor vagas sospeitas, don murmuracións, micer memorias de tempos idos, don ollo fisgando por unha pechadura, un profeta na praza...

HAMLET: É o teu testemuño é verdadeiro?

CORO: Soamente en parte. Garda ben para ti mesmo, que es unha ~~senoría~~ senoría ilustre, un príncipe real, unha nobre e ergueita cabeza, un corazón xeneroso, un espírito leal, un breviarario, en fin, de perfecta xentileza encadernado de luxo en pel suave e perfumada, e, no lombo, solemnes letras de ouro. ¿Podo eu, o Coro, ler todas as túas páxinas en outa voz diante desta ilustre concorrencia?

HAMLET: Non. Páxinas hai en min que a min mesmo mas vedo. Outras soamente as podería ler eu, finxindo coa miña voz máis confidente, coma quen agasalla a escuso cun vaso de licor de prezo, vido de moi lonxe. Ouviche algunha vez falar á serpe? Unha voz semellante precisaría. Outras páxinas de meu son confusos soños emborrallados. Outras hai que son un pouquiño de música doce á hora vespertina.

CUNQUEIRO, *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959)

A medosa Blandina (Versión radiofónica)
EDUARDO BLANCO AMOR, Teatro pra a xente (1974)

Piñeirai montesío na alta noite do verán. Ao lonxe rumores de folión, como fondo de todo o diálogo. Blandina volta pró seu lugar na compañía de Ulpiano. El, baril e forte, pero medio zouma e inxel, ao menos nas aparencias. Ela, lerchona, listá coma un allo, collida pola aboiante concupiscencia da romaxe.

BLANDINA: Foi unha sorte atóparte, Ulpiano. Se non foras ti, e non tivera a miña nai algo doente, leve o demo se me atrevería a voltar prá casa, e menos atallando por estes piñeirais tan medoños.

ULPIANO: Verdadeiramente, non se ve nin oe alma viva...
Nin os mortos se aventurarían por estas tebras...

BLANDINA: [...] Non fales de mortos, hom... Ai, Xesús, có têmeira que eu son...

ULPIANO: E como te aventuraches a vir soa a máis de dúas horas de camiño do teu lugar? [...]

BLANDINA: Pois [...] Pódesme crer que non me chega a camisa ao corpo; porque, á fin, ti es home, e unha é muller, e como di o dito, o home é esca e a muller estopa: vén o diaño e sopra...

ULPIANO: (Parvaxolas) Aquí non sopra máis que esta nor-desía do Rodicio que mete a friaxe na cana dos ósos aínda estando na canícula.

BLANDINA: Serache a ti, porque o que é a min... Agora mesmo, mellor dito xa dende hai un instantiño, ¡ai!, sinto unhas alfas de calor que me ruben acoxegando polas costas até ensarillárenseme no corpo todo; e máis no peito, mellor dito nos peitos, coma se os tivese contra-peándoseme do frío ao lume, coma cando unha ten calentura. (Arrepiándose.) Ui! Se non fora o escuro, verías-me os cachetes ardendo, mesmamente ardendo.

ULPIANO: Non será un estérico?

BLANDINA: Vaia, home, pensei que eras máis cumprido. Ese é mal das vellas ou das que van quedando prá desfeita. Eu aínda son moza, e coma tal o sangue ándame ás veces a bulir nas veas do corpo, tanto nas de fóra coma nas de dentro, que son as peores.

ULPIANO: Pois serache o viño.

BLANDINA: O viño? Malia se grolo del bebín, que nin me gusta nin me presta. [...] É o medo, Ulpiano, o medo.

ULPIANO: Pero medo de que, muller?

BLANDINA: Boh, déixame en paz, hom... ¿E de que ha ser? E logo non che poden vir á cachola algunhas malas ideas, aquí nesta mourenza, tan desapartada dos lugares? Non te podía tentar o demo, non? Pois de palla non has ser, tan home como campas ou aparentas, que te estiven a considerar todo o día, que até parece que se che vai romper a roupa coa forza das carnes... Que ata os ollos che brillan na noite coma se foran de raposo, Deus me dea...

ULPIANO: (Alpabarda) Vaites, vaites...! Pois déixaos que brillen, que os ollos non apalpan e o ollar non lle fai mal a ninguén.

BLANDINA: Pois has saber que polos ollos comeza todo, os amores e mais as xenreiras. ¿Nunca viches unha cobra fitando fixamente un paxariño até que lle cae no papo?

ULPIANO: (Desentendéndose). Ben, ben; anda, muller, anda, que nin eu son cobra nin ti carriza. ¿Tendes cada cousa as mulleres! ¿Non te decatas que con esas fantasías váiseche acuartando o paso, que se un fose mal pensado aínda daría que pensar se o fas adrede? Temos camiño para máis de hora e media. Non penses en trapalladas, fecha o peteiro que así rende máis o tempo e a andadura.

Camiñan un tempiño calados. Zoan máis fortes as rachas de vento. Súpetamente, Blandina ceiba do peito un arrepiño que semella un brado de ferida.

BLANDINA: Uuuuuuuuu!

ULPIANO: Asús, que susto me deches! Que che deu, Blandina?

BLANDINA: As alfas outra vez, que me ruben polas costas coma lume vivo dunha fogueira.

Dieste na BBC

Galician programme núm. 24
Monday night, 19th September 1949

Emisora de Londres da BBC. Damos comezo á nosa transmisión en lingua galega. Escoiten primeiro ó escritor Rafael Dieste, que vai falar de «As colectividades galegas en Buenos Aires».

Rafael Dieste saíu do Prata hai uns meses e encóntrase visitando os principais países de Europa. Rafael Dieste.

[...] Destas pequenas sociedades hai en Buenos Aires máis de trescentas. Moitas delas crearon escolas en Galiza, no tempo en que eran aínda un pouco escasas. Unha gran parte están confederadas, formando a «Federación de Sociedades Galegas», que conta cun total aproximado de 5.000 socios e que edita *Galicia*, un dos máis importantes periódicos rexionais de América. Outra grande entidade galega, non só polo seu número de socios, senón polo labor cultural que vén desenvolvendo, é o Centro Ourenseño.

E para limitarme agora a un exemplo evidente. ¿Quen non oíu falar do Centro Galego de Buenos Aires? Oitenta e cinco mil é, pouco máis ou menos, o número de socios. Oitenta e cinco mil. Douscentos médicos —uns visitantes, e outros con clínicas ou salas ao seu cargo— prestan nesta entidade os seus servizos sanitarios. E ¿sabedes cantas receitas se despachan na famosa farmacia do Centro Galego? Poñede atención: unha media de trinta e cinco mil receitas por día. Pola importancia dos seus servizos públicos —que aproveitan os galegos e arxentinos— o Centro Galego está exento de impostos.

E en canto ás actividades culturais —previstas nos estatutos do centro, e que desde a súa chegada a Buenos Aires tanto se esforzou Castelao por estimular— eu fun testemuña, e en parte colaborador, dalgunhas mostras: a Exposición



do Libro Galego, a grande exposición de Colmeiro, [...] o ciclo de conferencias de Otero Pedrayo. A serie en que tiveron o honor de tomar parte con tan distinguidos compañeiros como Tobío, Seoane, Lorenzo Varela, Otero Espasandín, Cuadrado, Blanco Amor... e, en fin, os derradeiros anos da revista *Galicia*, que tanto debe do seu remozamento a Luís Seoane, que estes días exhibe en Londres unha belidísima obra de pintor, tan galega e poética. [...]

Galiza está en Galiza, pero anda tamén polo mundo adiante. A navegar, a traballar, a soñar. Vós, que estades baixo os nosos ceos, non esquezaades aos que non poden esquecervos.

Acaban de ouvir a Rafael Dieste, que lles falou das colectividades galegas en Buenos Aires. Estación de Londres da BBC transmitindo en lingua galega.

Romance do peregrino

A Arturo Cuadrado

Vello peregrino novo
aforca o galo de Ulreia.
Non desfolles vagariño
a flor do sangue nas pedras
dos románicos sendeiros:
á mar foise Compostela.
Ai, a Galaxia florida
con ás de choiva marelada;
pillara azul da saudade,
auga de lembranza anerga,
neve verde do fiúncho,
leite e mel da primavera.
Roseira de negras follas
o ledro ronsel de estrelas.
Eí moura labarada,
carballedos de loira testa,
fadiños de fol neboeiro
e cans de sal e manteiga.
Volta vello peregrino
polos camiños de brétema
e canta aos novos irmáns
bordón pingado de lendas,
mollados de noite e lúa
lavados con sol e poeira,
a tenzón amoredada:
á mar foise Compostela.

EMILIO PITA, *Jacobusland* (1942)

Castelao

Cando cheguen os tempos non chegados
cando canten as mans traballadoras
nas doídas manceiras dos arados
e nas salgadas redes pescadoras,

Galicia ceibe tallará o teu nome
nas outuras do Pórtico da Gloria
pra que falen os anxos con un home
que leva a patria enteira na memoria.

Unha nova Galicia sen cadea,
que non exportará máis sangue humano
nin acoballará unha man allea:

Unha Galicia nova, a de mañán,
que xa vén alborando, xa clarea,
no peito arrollará teu soño irmán.

LORENZO VARELA,

Feito para o libro *Castelao na voz dos poetas*,
de Edicións do Castro, (1969)

Lugo, día de Reises de 1940

Querido Ben-Cho-Sei;

Con moito gusto aproveito a ocasión de poderlle mandar unha carta por conduto de enteira confianza, pois non hai mellor xeito para lle comunicar as novidades de aquí.

Comezarei por contarlle o que fai a xente coñecida:

O Ánxel Fole dá clases nunha academia; Milucho Gil está en Madrid estudando Ciencias Naturais, Antón Figueroa está en Salamanca estudando Medicina; Vallina está empregado na Caixa Rexional Galega; Antonio continúa coma sempre; Ramón Varela prepara oposición a notarias; Filgueira foi trasladado a Pontevedra; Castelao está en Nova York facendo debuxos de negros; Martínez López está en Francia e vai marchar para California, onde lle deron unha cátedra; J. Bal [e Gai] tamén anda por Norteamérica; Del Riego está en Vigo, traballando con Valentín [Paz Andrade]; Plácido Castro está na Coruña; os de Ourense xa sabe vostede deles.

Hai pouco tempo celebrou unha xuntanza a Academia Galega. Acordou reanudar o seu labor e continuar coa publicación do Dicionario.

O Seminario continúa pechado, sen que haxa posibilidades de que recobre axiña actividade. As Deputacións van editar o *Cancionero Musical de Galicia*.

Do ambiente pouco se pode dicir. Vivimos con gran tranquilidade sen que ninguén nos moleste. É lástima que vostede non poida voltar para Galicia, xa que, de estar aquí, poderíase adicar de cheo aos traballos de investigación, único xeito de servir actualmente os intereses da cultura galega. Neste campo das actividades culturais, espero que non tardará en haber marxe para labourar con eficacia. A volta da Monarquía (único desenlace posible desta situación) traerá ao ambiente un ton de máis tolerancia, e con iso xa se poden facer cousas serias.

Sen outra cousa por hoxe, reciba unha forte aperta do seu amigo e irmán.

RAMÓN PIÑEIRO

Florderrei

Flor de Rei, ou Florderrei, é unha aldea encostada na ladeira sur dun castro que leva o mesmo nome do pueblo: Castro de Florderrei Vello. Este castro ten sido moi pouco explorado. Enriba del érguese unha ermita; dentro da ermita hai unha Virxen pequeniña, linda como unha fror, e ten un nome fermoso: Nosa Señora de Portas Abertas. Ten moitos devotos; centos de forasteiros acoden á súa misa o día da Ascensión. Fatos de mulleres rezando por grupos dan voltas arredor da capela, algunhas de xoellos. A ermita está unhos douscentos metros desviada do camiño que vai a Vilardevós a Florderrei; por el pasou moitas veces a mai de Manoliño, e sempre ao pasar por diante da capela lle rezaba á Virxen; e sempre ao chegar ao lugar en que a capela se deixaba ver, detíñase, voltaba a cabeza e tornaba a rezarlle. A mai de Manoliño transmitiu aos fillos a súa devoción por esta Virxen, pequeniña coma unha muñeca e linda coma unha fror.

Pero Manoliño nunca soupo de ningún milagre desta Virxen. Quizais non fixo ningún. Digo, se é que non é milagre un feito que acontece todos os anos, aínda que din que o milagre se repite noutras ermitas. Pró caso é o mesmo.

Polo mes de setembre, sempre nos mesmos días e sempre todos os anos, millóns de formigas, en longas ringleiras, suben até a capela, pasan por embaixo da porta, e van morrer todas aos pés da Virxen. Milagre ou non, este é un feito comprobado e comprobable por calquera.

Esta imaxen, igual que o San Roque de Vilardevós, foi tamén sacada da capela por un tolo, fai anos. O tolo era portugués e levouna pra Portugal. Anduvo con ela polos pobos do país irmao, mostrándolla aos veciños. A xente de Florderrei, ao decatarse de que a imaxen non estaba no seu sitio, coidou que a Virxen marchara da capela pola súa conta, e anduveron buscándoa polos xestás e polas terras de arredor. Pensaron, incruso, que non eran dignos de ter unha Virxen tan fermosa, e viviron desacougados até que os guardiñas portugueses mandaron razón de que tiñan a imaxen en poder seu. A Virxen voltou á súa capela cun dedo de menos, da mao dereita. Un mes despois, un probe de pedir atopou o dedo na serra de Vilaverde, e a Santa ficou outra vez coa mauciña enteira.

SILVIO SANTIAGO, Vilardevós (1961)

Oración do artista que volta

Queremos cos ósos da nosa testa
crocara na túa testa de pedra,
Mestre Mateo.
Andamos polo mundo con medo.
Aínda temos medo.
Medo a todo.
Coma ti, Mestre Mateo,
quixeramos perder ese medo
aos homes, aos deuses, ás cousas,
a todo o que non sabemos.
Solicitar perdón pola nosa obra
non sabemos a quen.
Quizais
aos deuses, aos homes, ás cousas.

Dende moi lonxe vimos camiñando
para atopar cos ollos
esta terra nosa.
Túa e nosa, Mestre Mateo.
Para dar coa nosa testa de ósos
na túa testa de pedra,
e dicir a esta terra:
«Témoste levado sempre connosco
ao través da mar e do deserto
entre homes cobizosos e vagabundos,
temendo perdernos.
Agora que estamos soios e é tarde
vimos dende moi lonxe,
dende as sombras,
coma tantos outros viñeron denantes
a ofrecerche unicamente,
terra:
A nosa morte.»
Amén

LUÍS SEGANE, Na brétema, Sant-Iago (1956)

80 4

Ás veces digo amor

Ás veces digo amor
e só teño silencio
ás veces digo patria
e sei soamente que esta é a terra que nos deron
e nela asento os meus pasos para sempre
sen máis preguntas ensarillando o vento
ás veces digo amor
e ninguén fala
e segue o tempo caendo lentamente
medido polo espasmo do reloxo
e ti pasas
sen mirar sen me mirar

como un fantasma enviso aqueloutrado
sen me ver
e sigo un pouco máis
calada
levo o selo do teu desleixamento sobre os beizos
e sinais no meu brazo da túa ausencia
levo o rostro mancado e os dentes malferidos
de tanto afastamento
ás veces verto os ollos sobre a terra
miro de esguello a fiestra do suicida
repito amor
e só ecoa o silencio no baldeiro.

PILAR PALLARÉS, *Sétima soidade* (1983)

O amor

O amor foi
un trallazo moi forte
que rompeu a
ventá. E quedou rota
para sempre. Eu limpei
do chan
os cristais. Corteime
con eles
en tódolos dedos.

LUPE GÓMEZ,
Pornografía (1995)

90

Un poema naceu e non ten palabras

Un poema naceu e non ten palabras,
só é espuma de vento nos cabelos da praia,
só é prata dourada baixo o sol bretemoso,
baixo a area latente corre cara á auga.
O poema non ten mans con que apreixar o vento,
con que amarralo forte ós piares da praia.
O poema non ten ollos e non ve as escumas,
que cabalgan violentas nove crinas salgadas.
O poema non ten pés que o leven cara á auga,
non ten pés que lle axuden a percorrer a praia.
O poema non ten corpo que quecer baixo a luz
a ferverza dourada brevemente salgada.
Ten si, un corazón que sente cada nota
do asubiar constante dos dedos sobre a praia,
ten alma que o transporta nas espirais do ceo
e que o deixa caer docemente na auga.

MARTA DACOSTA, *Crear o mar en Compostela* (1994)

90

María

maría
tres sílabas nos beizos
preñadas
de vento/
maría
nome elemental
para escribilo nas paredes
-esprai nos dedos-/
maría
espiral
na
noite
silencio/
maría
corpo concreto
maría
muller:
nas rúas
e...
maría
ti
e eu
espallados
por galicia

MANUEL M. ROMÓN (Grupo Rompente) (1979)

90.1

No banquete de Trimalción

No banquete do opulento romano,
por tras da risa breve,
de pé sobre un estrado,
un escravo negro.
fai soar
de cando en vez
un gong
para lembrar ós embriagados comensais
que o tempo pasa
incesante
e a morte se aproxima.

GONZALO NAVAZA,
Fábrica íntima (1991)

Camiñan descalzas polas rochas

*Belas irmás, subide
ás máis firmes rochas.*

EDITH SÖDERGR

80.4

Camiñan descalzas polas rochas,
pantasma de sal habitan as sombras,
saben que as últimas mareas
esqueceron na praia os restos do naufraxio.
As mulleres recollen cada noite
os tesouros de auga, líquidos e fráxiles,
rebélanse contra a Historia,
constrúen co mar as estatuas
que nunca permanezan.
As mulleres de sal, con argazos de sombras,
xorden das últimas mareas
e tecen tesouros de auga cada noite
contra a Historia.

Elas, que saben que o efémero permanece.

ANA ROMANÍ, *Das últimas mareas* (199)

80.4

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas

Miña nai traballa nunha fábrica de conservas.
Un día miña nai díxome:
o amor é unha sardiña en lata. ¿Ti sabes
como se preparan as conservas
en lata?
Un día miña nai díxome: o amor é coma unha obra de arte
en lata.
Filla
¿sabes de onde vés? Vés
dun viveiro de mexillóns
en lata. Detrás da fábrica, onde podrecen
as cunchas
e as caixas de peixe. Un fedor imposible, un azul
que non vale. De alí vés.
Ah! dixen eu, entón son a filla do mar.
Non.
Es a filla dun día de descanso.
Ah! dixen eu,
son a filla da hora do bocadillo.
Si, detrás, entre as cousas que non valen.

LUISA CASTRO, *Baleas e baleas* (1988)

129

Lectura 6

80.3

Meu meniño, cando chegues

Meu meniño, cando chegues
que o arco da vella estenda
o seu grande abrazo de cores
e te anuncie.

Que enmudeza o vento e sexa
apenas leve airexa de cóxegas
xogando no teu pelo.

Os bosques profundos dos que xorden
as pegadas dos teus pasos sen eco
fagan máis pura e solemne
a gravidade do silencio.

Que cante o merlo nos pomares
da mesma horta
que me regalou a infancia.

A ferida translúcida do día
a súa redonda e plena copa
de fragancia ofrezca.

Que o murmurio das fontes
se adelgace
coma cristal de íntima ocarina,
e que a sinfonía da chuva calada
caendo sobre a herba,
como a distante cantiga
que a avoa campesiña me cantaba
o máis doce arrollo sexa

berce de amor para o teu sono.

XULIO L. VALCÁRCEL, *O sol entre os dedos* (1993)

Lectura 7

Hai veces...

hai veces que sendo feliz,
estando triste,
agardo que volvas,
que regreses a estas mans e a esta voz,
que regreses a este corpo,
con tantas indecisións e madrugadas.

RAFA VILLAR, *O devalo do mar* (1994)

Lectura 8

Pervivencia no tempo

Se cando a morte pálida me apañe
deixo no mundo un pouco de memoria,
eu quero que o teu nome me acompañe,
se che pode servir dalgunha gloria;
e se labro estes versos co teu lembró
contra da cinza, a corrupción e o lodo,
é que eu non quero crer que aquel setembro
acabase pra sempre xa con todo.

Ben sei, ben sei, canté que non soubese,
que a vida acaba cando o sangue calla,
pero quizá a memoria nos puidese
librar, se non da morte, da mortalla;

e se así for, e após da morte eu brillo,
saiban que eu fun quen son por ser teu fillo.

DARÍO X. CABANA, *Canta de cerca a morte* (1994)

Lectura 9


80.1

Dos gregos aprendín que ríos e regatos

Dos gregos aprendín que ríos e regatos
son deuses que abandonan por veces os seus pazos
e gozan con vagar camiños e meandros,
regueiros e fervenzas, torrenteiras e saltos.

Así que non me enganas, oh Miño derrubado
no límite do inverno, alá no fin de Marzo,
que sei que te apresuras, que sei que vas de paso,
a ollar polas ribeiras, nas árbores dos campos,
a dádiva de Abril, os galanos de Maio.

MANUEL FORCADELA, *Morte do fadista* (2000)



Lectura 10

Baixas agora polo corazón

Baixas agora polo corazón
do drama; no espello retrovisor
as lágrimas (con que apagar o lume)
os rostros (da derrota)
as luces (dos derradeiros embarques
para nunca a Citerea).
Porque neste intre os flashes dos fotógrafos
iluminan unha chea
de zapatos en pirámide, lazos
con que cubrir tantos anos baldeiros.
E na ambulancia viaxan
os restos do naufraxio
nun derradeiro esforzo, tartarugas
domésticas, lentas e non obstante seguras.

VICENTE ARAGUAS,
Río matinal (2000)

Lectura 1

A nosa cinza

A comezos do ano 40 os meus pais viñeron vivir na aldea. Os herdeiros dun cubano caprichoso vendéronlle ó novo médico unha casa modernista, alegre, aberta nunha ollada [...] á quietude da ría. Nela criouse o Manencho e fomos necendo o Fuco, o Lourenzo, a Lucía, a Carmucha e mais eu, os fillos do matrimonio que o meu nacemento viría desfacer.

A casa da aldea enmarca os recordos luminosos da miña nenez, que debeu ser unha sucesión de horas tranquilas a formar días, días a encher semanas, semanas definidas por domingos de roupa nova e igrexa, meses que determinaban as idas e vidas dos meus irmáns estudantes, e anos en que o único notable eran os regalos de Reis e San Xoán...

Por veces dáme unha saudosa arroutada e vou pasar unha fin de semana á casa baldeira. Déixome caer na poltrona do cuarto de estar e concentrándome no silencio da mobaxe fría sinto encherse todo cunha fantasmagoría de imaxes que trato de recompor amorosamente, coma quen xunta as pezas da vasilla atopada nunha escavación:

–Meu rei, meu caravel de cen follas... –é a verba apaixonada da Felisa, que me amou coma ó fillo que nunca tivera,

–Dous por dous, catro, dous por tres, seis, dous por... –somos eu e a Carmucha a cantarolar matemáticas desusadas baixo a titoría do avó Francisco,

–Toma, nené; ven, neneño, mira Xoanciño... –revexo a solicitude dos meus irmáns para o benxamín desamparado; E déixome levar, enrodelado, no colo do meu pai que cheirara a tabaco e a colonia:

–Non quixo deitarse, don Manuel. Dixo que tiña que esperar polo pai, que non sei o que lle quería.


–Que me quería, meu ruliño?

Nada. Eu non lle quería nada; simplemente esperar para sentilo chegar.

–Ola, meus ruliños. Que tal se portaron estes nenos hoxe, Felisa?

Meu pai tiña un cheiro que era a confianza, o agarimo, a satisfacción das querelas con Carmucha, o punto final de calquera congoxa que o día deparou. Cantas noites quedaría eu durmindo no chan, a cabeciña pegada contra os vidros baixos da galería, esperando polos focos do coche a furar o negrume –en canto don Manuel me esquecía axudando no tránsito longo dun parto ou consolando unha agonía sen remedio...

XAVIER ALCALÁ, *A nosa cinza* (1980)



Lectura 2

Xa vai o griffón no vento

Chovia diante da catedral e abeirouse ó Pórtico. Ofrecíalle dende alí unha paisaxe verduxa e gris de carballeiras e soutos de castaños, de ceo nubento a derramarse polas cortiñas e as brañas de repousados ruidos, que todos xuntos lle inducían unha sensación de pesadume e desacougo á que aínda non estaba afeito, un sentimento de ansiedade que non chegaba a identificar e que lle tollía aquela parte do seu ser que reclamaba a luz, a limpidez do aire, o estourante sol do que el era recién chegado e ó que había de tornar, aínda que hoxe nin o sospeitase. Apoiouse na columna que sostén a Daniel e decidiu abandonarse á contemplación.

Entrara polas terras de Verín, cabaleiro nunha besta de aparencia resabiada e vella, que adozara o seu carácter violento e traidor segundo ia baixando cara ós vales dondos, ás leiras verdecidas, ás terras cheas de nutricional lentura, acaso condicionada pola herba que agromaba vizosa e á que o xinete

acordara deixala ir á mantenza, peteirando acó e acolá, coma señorita melindrosa que escolle os máis apetitosos bocados que lle ofrecen, así coma ó chou, sen moita ansiedade, por puro divertimento, mais con consciencia abondo como para ir, a colleito, só ós máis sabedeiros, só ós máis nutricios e gorentosos. Así chegou a Allariz,

baixando amodo as pinas encostas, as pedreiras esgrevias, os enlousados camiños reais que por veces frecuentaba, mentres a besta seguía a camiñar, cunha indolencia que, se ben lle resultaba sospeitosa, o facía sorrir coñecedor acaso de fonduras que nós nin tan só intuír podemos e que el frecuentaba coa seguridade que o trato asiduo proporciona. No alto de Nanín faláralle á cabalgadura e detidos ollaran o Penamá solemne, os silandeiros curutiños que rodean a vila e corte, o castelo de ergueitas torres sobre o río, a muralla que defendía o conxunto, o fumiño que inzaba dos tellados mínimos que á protección do castelo se abeiraban. Daquela a choiva xa era asidua compañeira. Tornoulle a falar á besta e botaron a andar de novo. Campesiños que se gardaban da choiva baixo de corozas que aínda conservaban a dourada luz do sol que mareleara o centeo, ollaban dende lonxe para o Visitador e aventuraban conxecturas que a ninguén comunicarían, ata que pola noite, na morneza da lareira, se desen en artellar mundos nos que si serían posibles figuras coma a do noso amigo, acaso xurdidas da lagoa de Antela, onde seica está a cidade de Antioquia e as augas que abastecen, por camiños que o Visitador disque coñece, ó río Limia, o Flumen Oblivionis, o río Leteo de tan fundados temores e lendas [...]. Daquela Xinzo tan só era un nome que anoaba insólitos camiños.

ALFREDO CONDE, *Xa vai o griffón no vento* (1984)



Crime en Compostela

Deron unha volta completa pola rúa do Franco —convertida nun formigueiro de estudantes en permanente homénaxe a Baco—, rememorarón acontecementos do tempo que levaban sen verse (máis de dous anos) e intercambiaron algunhas anécdotas e historias triviais; pero moi pronto a conversa regresou ó presente, da man de Nirvardo.

—Pensou Teresa que, se o seu home é culpable, a súa aventura con Aurelio saíra á luz?

—Sí, pensouno. E, se se proba que o seu home é o culpable, non ten inconveniente en que todo saia ás claras. E no caso de que non o sexa..., quizabes tampouco lle importe moito, non o sei.

—Esa é a primeira cuestión que se formulou e que aínda está investigando a policía, supoño, tal e como mandan os canóns; pero eu coído que non é a pregunta correcta neste caso. Para min, que aquí arden outras ceras...

—Non obstante, o común é que ninguén mate por nada. Se alguén matou a Aurelio, tivo que ser por algo, por gañar, por defender ou por castigar algo, polo que sexa, pero ten que haber un motivo. O que pasa é que non sempre é doado de descubrir.

—O motivo é o que fai que tódolos crimes sexan imperfectos, non?

—O crime perfecto é o que non se comete. Alfred Hitchcock comparábo co matrimonio perfecto, que tamén existe mentres a un non o atrapan, mentres un non casa.

Separáronse diante da renacentista fachada do Colexio de Fonseca, sede hoxe en día do Parlamento Autonómico. Carlos Conde subiu cara ó Palacio de Raxoi, onde quedara cun conselleiro. Nirvardo Castro deambulou polas rúas da Rafña e do Franco, as dúas ben concorridas, e ó pouco, sen darse de conta, atopouse de volta no punto de partida: a praza de Fonseca. Avistou sobre a dereita, ó fondo, a praza



do Obradoiro, inconfundible, e cara a ela se dirixiu. Non estivera alí desde que, con quince anos, o trouxeran nunha excursión organizada polo Seminario de Mondoñedo, pero recordábo todo.

Avanzou ata o centro da praza, cara ó Hostal dos Reis Católicos. Os seus coñecementos culturais, irregulares e moi descoidados, abundaban para percibir que se atopaba nunha das prazas máis prodixiosas do mundo e quizabes a única que reunía semellante variedade de estilos á vista: o románico arcaizante da portada do Colexio de San Xerome —hoxe Reitoría da Universidade—, o barroco exuberante e curvilíneo da fachada da catedral, o plateresco requintado do Hospital Real —agora hostel de cinco estrelas— e o neoclásico frío e sereno do palacio de Raxoi; harmonía de séculos e estilos imposible de igualar.

E por se todo isto non chegase, alí estaba, no fondal, a carón da catedral, o sobrio palacio de Xelmírez, cunha parte antiga —á que se accede desde a praza do Obradoiro— que está considerada como a obra máis sobranceira da arquitectura civil da Idade Media.

CARLOS G. REIGOSA, *Crime en Compostela* (1994)

Interrogatorio no que Branca de Loboso nos revela algúns antecedentes da súa vida e outros datos substanciais do seu proceso

—Manifeste a acusada perante este Tribunal do Santo Oficio a súa verdadeira idade, filiación, estado civil e demais pormenores sobre os que as dignidades neste caso actuautes deban ser informadas. Baixo o sagrado símbolo de Cristo Salvador está xuramentada: procure a reo, pois, non caer en perxurio.

—Chámome Branca de Loboso, señor...

—Advírtese á acusada do debido tratamento... Responda señoría.

—Son Branca de Loboso, señoría; natural de Trobo, en terras de Begonte. Nacín polos mediados de xaneiro do ano 1600, filla de Antonia de Loboso e de Ramiro Leboráns. Meu pai viñera casar coa miña nai desde Moar, [...] cando eu tiña sete anos. Atópome solteira e sen máis compromiso que o da palabra empeñada con Antonio de Aldán, o bo mozo que ós domingos viña verme á noitiña e con quen me prometera en matrimonio cando don Servando, o arcepreste de Saavedra, e a miña propia nai se entremeteron e me puxeron na situación en que me ven. Toño de Aldán ía para bacharel se non se lle atravesase a mala sombra no camiño, e foi el quen me ensinou o que sei de escribir, de ler e de contar. Polo demais, nunha vida apartada e breve como a miña non lles hai máis pormenores...

—Debería precisarnos un extremo. Como é que se apelida, Loboso ou Leboráns? [...]

—Mire, señor fiscal, nestas cousas a verdade non lle é nunca para nós nin tan simple nin tan recta... Por parte de nai, eu apelídome Loboso, que así mesmo lle dicían á dela, a miña pobre avoa que morreu cando a peste, e todo deus nos chama os de Loboso, e á nosa casa dinlle cas Loboso, que é casa grande [...]. Este é o costume que por alí se leva e toda a xente o entende tal e como é debido. Por parte de meu pai

debera ser, é certo, Leboráns, pero a min nunca así me chamaron, nin mesmo a el, que todo o mundo o coñece por Ramiro da Antonia ou [...] por Ramiro de Loboso ou ben

Loboso a secas. E se o que a súa señoría desexaba saber a fin de contas é se son filla de solteira, pois direille que sí, anque non vexo cousa mala niso, que incluso din que o cura dos Milagres é, como alí dicimos, un fillo das silveiras.

—Como coñeceu a acusada a Antonio Aldán e Cangas? Sexa concisa e breve.

—Foi na festa do San Roque, señoría... Bailou comigo e acompañoume á casa. Aquel día tamén nos prometemos.

—Non houbo máis?


—Non houbo máis, señor, disimule, señoría. Que máis había de haber?

—Pois o que soe a miúdo suceder... Proposicións deshonestas, tocamentos carnaís, pensamentos e accións pecaminosas... Nestes transos o demo sempre argalla.

—Nada do que se empeñan que houbese sucedido; e non entendo ben qué pinta o demo en todo isto, señoría, que a ese eu non o coñezo, nin se meteu comigo, nin deixou de meterse... Anque, iso si, as únicas propostas deshonorosas, decadentes e procaces que recibín na vida foron as do arcepreste Servando de Saavedra, como lles teño dito, que recachou a sotana alí na sancristía para amosarme indecoroso os atributos inzados e palpables.

—Contéñase a acusada na mesura e no respecto á lei debidos e á Santa Madre Igrexa, pois acaba de reincidir no pecado de blasfemia. ¡Alguacill, que a esta muller lle sexan propinados cincuenta vergallazos na parte das illargas. Levante a roupa a reo... Garda Marín, proceda.

XESÚS RABADE PAREDES, *Branca de Loboso* (1991)



Galván en Saor - Cap. 3

O señor Galván tomaba ó abrigo dun penedo a tímida raxeira da mañá invernál, sentado nunha pedra e cunha paviza de herba na boca. Vestía acolchado pantalón de motorista e negra zamarra de coiro con cinto. A carón del estaba arrimada ó penedo unha moto negra e grande, marca Peugeot.

A vista de falcón do señor Galván erraba pola Chaira de Valverde, distinguindo mínimas cousas na lonxanía. Un ventío suave e frío rizaba as augas da lagoa, alá abaixo. Volveu os ollos cara á tesa pena que se erguía á súa dereita no medio da cha, e ben viu sobre dela o voo circular dun paxaro branco que gazmeaba. Era o corvo.

O corvo branco revoou tres veces sobre o petouto, e logo saíu largado cara ás carballeiras de Saor. O señor Galván montou na motocicleta e deulle ó pedal. O motor bruou poderoso. Meteu primeira cun rexo golpe de pé, soltou o embrague pouco a pouco e botou a andar pola estrada do Leste. Chegado á Valeca, colleu a man destra por entre as carballeiras de Calibón, en segunda e a medio gas.

Sentiu un berro de lonxe e meteu esporas ó cabalo. A súa negra armadura e o escudo coa sina do falcón vermello resoaban metallicamente cos golpes das ramallas máis baixas dos caxigos, pero señor Galván corría a galope na dirección do berro, ata que chegou

a unha clareira da fraga. Un anano estaba atado con corizas de coiro a unha vella carballa.

—Non vos baixedes do cabalo, señor cabaleiro—berrou o anano—, non vos baixedes, pola vosa vida: vede que aí vén o cabaleiro verdoso que me ten aquí preso, vede que vén contra vós a todo correr do seu corcel.

Fixo Galván volve-lo seu cabalo, e viu chega-lo mentado polo anano coa lanza tendida en contra del. Era un xigantesco guerreiro vestido cunha espantosa armadura ourizada de púas, case da color do lidro sobre augas repochadas. O helmo verde coroábase de verdes plumas, e verdes tamén eran as cuberturas do seu cabalo, que levaba un afiado esporón na fronte abaixada en acometida.

Señer Galván tocou coa espora esquerda o flanco do seu corcel, que deu moi lixeiramente un salto contra a dereita, apartándose da carreira do cabaleiro verdoso. Non puido este frear nin desvia-la súa besta, que no seu cego correr foi dar unha gran topada contra un castiñeiro oco no que quedou chantado o seu esporón. Non lle valeu de máis ó xinete a súa lanza, pois crebouna contra o castiñeiro por cerca da coitela e saíu descabalgado en contra da árbore, facéndoa estremecer co terrible golpe que deu nela coa testa ferrada. Mais levantouse axilmente e sen dano ningún, botando man á enorme espada que cinguía, e ficou en garda moi cerca do anano.

Darío Xohán Cabane. Galván en Saor

(...)

De alí a pouco, mentres o bus anda, o conductor abre a porta automática e a rapaza, lixeira, arrempecha a unha nena e unha vella que fan xuntas. A vella cae a primeira, bate no chan e faise cachizas, pásalle un coche por riba e alá van os miolos todos ciscados polo asfalto. A nena vai colgada a rastro, collida da porta, xemendo. Pero a rapaza pégalle un patadón na cara que lle salta os dentes, e cae tamén. Todos rín no bus. Sobre todo o conductor e a rapaza. Os viaxeiros comentan a cara que poñía a nena. Nisto, o conductor, que é un habelencioso, pónse a asubiar en plan disimulo, estrica unha perna e pásalla, suavíño, á rapaza polo cu. Esta sacódelo unha patada de karateka na gorxa, co seu berro correspondente. Desfáille a gorxa, o conductor tapando o burato coa man, busca coa outra, ás apalpadas, nun departamentíño que ten ó lado do embrague e saca unha gorxa de plástico. Todo isto sen deixar de conducir. Cando ve que xa pode falar, tose, e logo dille con xenreira, "cabrona, case nos dámos todos unha hostia pola túa culpa". Cala, rosma polo baixo, volve tusir. A rapaza nin mu. O outro segue, "irresponsable, e que falta tiñas de pegar ese berro, deixáchesme un oído xordo". Agora a rapaza asubía con indiferencia.

Un anaco despois o conductor chíscalle un ollo ó pasaxeiro que vai ó seu lado, e abre a porta automática. De contado o outro, de pelo e bigote brancos, guinda á rapaza con forza pola porta. Esta esnáfrase dun topetazo no capó dun coche branco que ía ó lado. O conductor do turismo con cara de noxo, pon a andar o limpaparabrisas, que barre o sangue e as tripas, saca a testa pola ventaniña e berra, "ja ver se non tiramos porquerías! ¡Hai papeleiras!" A xente no autobús voive eschar coa risa e asómanse todos facendo comentarios de orde anatómica sobre os restos da rapaza. Un de traxe, que vai de pé cun maletín, ri e bate coa testa nun cristal, ri e bate coa testa, voive rir e voive bater, ata que fende a cachola e cae. O conductor que segue controlando todo, di "¡Caralludo, como aquí o que limpa son eu, veña todo deus a emporcar!"

A LEBRE DE MERLIÑO

Na parroquia de Guimaráns, pasando Pontecarballo, famoso pola súa Feira anual da Miñoca, centro de atracción dos troiteiros do país, o primeiro ramal á man esquerda, era crego párroco don Secundino Castro Cerdeira, para os veciños, o Pego. Duns corenta anos, alto e fraco, viste decote de cazador, botas altas e chaleco de pel. Os domingos de primavera campaba pola parroquia cun caravel na orella, para que en mirando o caravel non reparases nun ollo que tiña distraído. Ó vir a primavera, abríase el tamén, e acudía a tódolos bailes, xuntándose cos mozos solteiros e paseando a sona de mullereiro. Canto máis alonxada a festa da súa parroquia, maiores estragos facía no persoal feminino. Aí, aquela roxiña que levara entre o millo, aquela noite en Brigaráns, actuaban os "Haches", aínda se lembraba. E aquela pequeniña do baile da Lanzada, aquela fora a mellor, e iso que ela se decatará de que el era crego. Por ela estivera a pique de facer unha parvada, entráralle ben dentro do maxín, logo enteirouse de que casara e xa nada.

Pero, en chegando o outono, ensumíase na morriña e tirábase do trato coa xente.

Do que lles acontece no Pazo

O Pazo estaba arrodeado de herbiña fresca e cun sol de primavera. Arrimaron o motocarro e baixaron. Sentíase o barullo dunha festa.

Cruzarón a entrada. Dentro do patio había unha grande mesa redonda, e arredor apiñocábase a xente. Todos remexidos bebían e rían. Un mozo lanzal remexía a queimada nunha grande copa de ouro. Presidindo, sentábase un vello guedellento de saio branco meténdolle man a unha moza loira que patalexaba e ría a gargalladas. ¡Que boa estás, cabrona!, díclalle o vello. Estrela tapou os ollos para non mirar o cadro. O Barimba abriu a boca e o Pego puxo as gafas, discreto.

O vello, ó velos, botou a moza do colo, e erguéndose berrou "¡Quen sodes vós?". Ó sentir ó vello, os festeiros calaron e ollaron ós tres descoñecidos.

Cando Pego ía contestar, sentíron a buguina do motocarro a berrar. Saíu correndo o Barimba, e volveu traendo polo brazo á moza do vello. A moza facía por se soltar, pero Barimba non lle deixaba. "Condenada rapaza, habías ser a miña filla". "Deixa á señorita", berroulle o Pego. "Señora", dixo dende a mesa o vello. Ó estar ceiba, mirou con noxo ó Barimba e díxolle, "eu filla túa, mira ti, eu que podía se a túa tataratataraboa, monicreque". E o Barimba ficou coma un babión sen entender nada, e sen saber que lle dicir a aquela rapaza tan disposta, que marchou toda digna cara á mesa, zangoneando as cachas. E tódolos festeiros riron a cachón co asunto, fóra de Bibiana, que se sentou, ferida na súa dignidade.

O crime do Graal

Logo disto, achegouse a eles o vello traendo o Graal coa queimada. "Supoño que viredes coma todos buscar isto", díxolle ó Pego, "pois veña, probade". O Pego torceu a cara e persignouse. "¿Sei que non che gusta? ¿Ou parcévos pouco literario todo isto? ¿Pouco romántico quizais? ¿Que coño pensabades? ¿Que habíamos estar aquí todos tocando a harpa coma monos para o primeiro que veña?, e eu remexendo xaropes, dálle que dálle, toda a eternidade, ¿eh?" E cun sorriso cínico, ergueu a copa e botoulle a queimada pola testa ó Pego. Os da mesa palmexaron, berraron, riron. O Pego berraba. Estrela arrempechou ó vello e tirouno a el e maillo Graal. Cegada pola carraxe, colleu a copa e bateuna na cachola do vello caído, que non se laiou, e virou o ouro en vermello. Logo que parou, pechou os ollos e colleu folgos.

Ó abrilos, non estaba nin pazo, nin xente, nin a copa que tiña nas mans. Só o Pego e o Barimba, acompañados do ningún, que ollaban para ela.

"Esvacuse todo", dixo Barimba. E Estrela sentouse na herba. Logo o ningún díxolle, "fitade aquel punto mouró ó lonxe. Cruzádeo e daredes con outro camiño". "¿E ti que?", díxolle o Pego. "Eu quedo", dixo o ningún.

*Suso de Toro.
Carión de Castro*

Está arriba na galería, escoitando os merlos.

Carlos Sousa, o periodista, dixo grazas cando ela o convidou a pasar co aceno dun sorriso. Si, grazas, pensou mentres subía a escaleira, na porta de cada casa debería haber dous ollos coma eses.

Sentado nunha cadeira de vimbio, a carón dunha mesa [...], coa man pousada no libro aberto [...], o doutor Da Barca miraba cara ao xardín, envolto nunha aura de luz de inverno. A estampa sería apracible de non ser que respiraba por unha máscara de osíxeno. O tubo que o unía coa bombona colgaba sobre as flores brancas das plantas de azalea. [...]

Cando se decatou da visita, alertado polo renxer das táboas do chan da sala, o doutor [...] ergueuse e retirou a máscara cunha sorprendente axilidade [...]. Era alto e ancho de ombros, e mantiña alzados os brazos en arco. Semellaba que a súa función máis natural era a do abrazo.

Sousa sentiuse perplexo. Levaba a idea de ir ver un agonizante. Afrontou incomodado o encargo de arrincarlle as derradeiras verbas a un ancián de vida axitada. Pensaba escoitar un fio de voz incoherente, a loita patética contra o mal de Alzheimer. Endexamais puidera imaxinar unha agonía tan luminosa, coma se en realidade o paciente estivese conectado a un xerador. Non era ese o mal, pero o doutor Da Barca tiña a beleza tísica da tuberculose. Os ollos agrandados como lámpadas veladas de azul. Unha palidez de louza, vermizada en rosa nas meixelas.

Velaquí tes o reporteiro, dixo ela sen deixar de sorrir. Fíxate qué noviño.

Non tan novo, dixo Sousa mirándoa con pudor. Xa fun máis do que son.

Sente, sente, dixo o doutor Da Barca. Cataba o osíxeno. Apetécelle un pouco?

O reporteiro Sousa sentiuse algo aliviado. Aquela fermosa dona idosa trala chamada da aldraba, que semellaba escollida para un capricho polo cicel do tempo. Aquel grave doente, hospitalizado ata había dous días, animoso coma un campión ciclista. Dixéranlle no xornal: Faille unha entrevista. É un vello exiliado. Contan que ata tratou o Che Guevara en México.

A quen lle interesaba iso hoxe? Só a un xefe de información local [...]. Sousa aborrecía a política. En realidade,

aborrecía o xornalismo. Traballara nos últimos tempos na sección de sucesos. Queimárase. O mundo era unha esterqueira.

Os longuísimos dedos do doutor Da Barca apaiñaban coma teclas con vida propia, como prendidas ao órgano por unha vella lealdade. O reporteiro Sousa sentiu que eses dedos o estaban explorando, percutindo no seu propio corpo. Tivo a sospeita de que o doutor analizaba coas lanternas dos ollos o significado das súas olleiras, daquelas prematuras bolsas nas pálpebras, coma se el fose un doente. [...]

Marisa, corazón, ponnos algo de beber para que saia ben a esquela.

Que cousas tes!, exclamou ela. Non fagas esas bromas.

O reporteiro Sousa ía negarse pero decatouse de que sería un erro rexeitar un grolo. O corpo estáballo a pedir dende había horas, o grolo, o maldito grolo, estáballo a pedir des que se erguera e, naquel intre, soubo que dera cun deses feiticeiros que le na mente dos demais.

Non será vostede un señor Hache-Dous-O?

Non, dixo el seguindo a ironía, o meu problema non é precisamente a auga.

Magnífico, temos unha tequila mexicana que resucita os mortos. Dous vasos, Marisa, fai favor. E logo mirou cara a el, chiscando un ollo: Os netos non esquecen o seu avó revolucionario.

Como se encontra?, preguntoulle Sousa. Dalgunha maneira tiña que empezar.

Xa ve, dixo o doutor, abrindo con xovialidade os brazos, morrendo. De verdade cre que ten algún interese entrevistarme?

O reporteiro Sousa recordou o que lle dixeran na tertulia do café Oeste. Que o doutor Da Barca era un vello roxo irredutible. Que estivera condenado a morte en 1936 e que salvara o pelo de milagre. De milagre, repetiu un dos informantes. E que, despois do presidio, marchara ao exilio en México de onde volveu á antiga casa petrucia só cando morreu Franco. Seguía coas súas ideas. Ou coa Idea, como el dicía. Un home doutro tempo, concluíu o informante.

MANUEL RIVAS, *O lapis do carpinteiro* (1998)

O club da calceta

Damián míraa como se recaese nunha atorrante enfermidade. [...]

El segue pensando que todo foi un golpe de efecto. Agarda, aínda sen expresalo con todas as palabras, que ela volva ao rego. [...]

-Eh, non nos poñas a todos no mesmo saco.

-É exactamente o que acabas de facer ti. Coma sempre, as mulleres somos unha especie de todo uniforme no que todas temos que querer o mesmo. Non estou disposta a cargar con tanta responsabilidade. Parece que todo o que facemos o temos que facer por todas as mulleres do mundo. «Por min e por todas as compañeiras», como nas agachadas. Unha forma máis de enganarnos para mantermos contentiñas. E caladas. Cando en realidade o que eu consiga vai ter só unha influencia moi relativa para miles de mulleres. Cada unha ten que loitar polo seu.

-Que che pasa? -Damián míraa consternado-. Por que estás tan agresiva? [...] Por que te pos así comigo?

-Se a estas alturas non o entendiches creo que nin regalándoches unha guía serías capaz. Síntoo moito pero creo que as cousas entre nós seguen sen funcionar.

-Ei, agarda, estábamos falando do partido e de repente saésme con «nós».

-Non, non estábamos falando do partido. Estabamos falando de como se ve a vida desde o teu lado e como a vexo eu desde o meu. E entre nós cada día hai unha barreira meirande. Mira, unha metáfora.

-Pero... eu...

-Mira, Damián, intentámolo. Démonos tempo, espazo, por xunto e por separado e non funciona. Parece increíble pero unha vez máis teño que ser eu quen tome unha decisión [...]. -Decátase por un intre con vertixe de que nunca viviu soa, da incerteza do que está por vir. Pero neste momento sabe que todo, calquera cousa, mellor que esa compañía sen compañía.

-Daquela xa a tomaches?

-Si. Mañá comezo a buscar piso.

Damián xa non fai aceno de dicir absolutamente nada. Quedou sentado no sofá con cara de desolación, como ante unha nova perda electoral. Anxos sae do cuarto coa frase final. Hoxe si que deu o mitín. Á fin.

MARÍA REIMÓNDEZ, *O club da calceta* (2006)

Cousas da morte

(O galo ceiba o seu canto e rómpese o silencio do maino mencer. A lúa agáchase detrás da nubeirada, medra o vento de arriba, cubrindo un arrepiante xuramento con baforada de augardente. Dacabalo dunha besta, xorde o CACIQUE das sombras da corredoira que atravesa o souto e detense mesmamente no medio da encrucillada. Ouvea un can ó lonxe. Rincha a besta como ventando algo e o seu xinete derrúbase ó pé do cruceiro barroco. Un sapo vello chouta con ledicia arredor del e logo espétalle con voz de tenor á besta:

O SAPO: Cro, cro... Seica foi boa a peneca do teu señorito!
Cro, cro. Aproveita e vai ti dacabalo del...

A BESTA *(encugando unha bágoa)*: Non sei se o pobre poderá erguerse máis... Viu hai un anaco a Santa Compañía!

O SAPO: Corno de vella! E non lle roubou algúns reás ós da procesión santa!

A BESTA: Déixate de coñas! Mi amo xa non alenta.

O SAPO: Espichouna logo? Dálle un couce nos focíños a ver se aínda rincha os dentes. Cro, cro... Se eu fora home, fariame enterrador. Cro, cro.

A BESTA: Mófaste de tanta desgraza?

O SAPO: Láioime, señoriña, láioime. *(Cospe e dá unha reviravolta.)* Din que os cabalos son amigos dos homes, mais ti seméllasme amiga dos caciques. Cro... [...]

A BESTA: Os caciques son xente civilizada.

O SAPO: Pódese domesticar un lobo?

A BESTA: Pois... nunca será un can de palleiro...

O SAPO *(logo de inchar o peito)*: Os caciques papan os bens dos labregos como papo eu moscas parvas. [...]

A egua escaravella na terra coas ferraduras dianteiras e dá unha paseniña volta arredor do cruceiro, testemuña muda da escena. Pola congostra achéganse parolando amigablemente unha lebre e mais unha cabra. Esta sorri a miúdo entre dentes; a lebre, miñaxoia, coxeia ó ritmo dos seus xuramentos. Están xa preto da encrucillada cando preguntan a coro:

A LEBRE E MAILA CABRA: Que aconteceu na tristeira amañecida, irmá egua? A túa faciana mostra o xesto humano da contrariedade.

O SAPO: Cro, cro... Morreulle o señorito de cirrose e a moi burra esbagúllase toda.

A LEBRE E MAILA CABRA: Morreu o cacique?

A CABRA *(turrando no ar)*: Non acaen as bicocas nestes eidos!

A LEBRE: Inda apencaremos ben anos con el!

A BESTA: Oxalá non fora certo, non... Velaí o tendes, compañeiras, teso coma un fungueiro!

A LEBRE *(cun abaneo de orellas)*: Pois mal demó o leve a el e mais á súa escopeta ó fondo do inferno, que inda teño o cu, dispensando, ben magoadado da perdigoada de antonte. [...]

A CABRA *(rañando entre os cornos)*: E non sería de namorarse de vello a causa do seu pasamento? Xa sabes que tal lles acontece a cantos lles vén o namoro a destempo. Quizais trabucou a botella do solimán coa da augardente.

O SAPO: Fora como quixera, ¡ledicia! Festa haberá en toda a bisbarra! [...]

A BESTA: Morto mi amo, ¿onde, a quen sirvo eu? [...]

O SAPO *(tapa os narios cun croio)*: Cro, cro! Xa cheira á calaza!

A LEBRE: Fede; fede en verdade! Din que o cadáver de cacique cheira ben antes có das demais alimañas.

A CABRA: Tódolos humanos mortos son de moito cheirufar! [...]

O SAPO: É ben evidente... Cómpre facer algo. Sinto vocación de enterrador, pero seméllasme moita cova para tan pouca pata. Cavamos entre todos o burato, botamos un «leisión» e afundimos esta momia para sempre nas entrañas da terra. De acordo?

A BESTA: O cemiterio fica lonxe. Se alguén mo erguera ás miñas ancas...

A LEBRE: Déixate de cerimonias! Ó pé deste vai que se mata.

A CABRA: Certo. Aquí non terá a sorte de atoparse con algún esqueleto veciño cun ollo de vidro. [...]

A BESTA: Os cristiáns entérranse todos no cemiterio. E mi amo tamén! [...]

O SAPO: Ten un pouco de humanismo, besta! O teu señorito é moi capaz de xogar ó fútbol co inglés no campo-santo, coa caveira dalgún cativo por pelota.

A BESTA: Mi amo non fai eses escarnios!

A CABRA: Morreulle o amo e esta burra inda traballa para el.

A LEBRE *(engruñando e desengruñando o nariz con parsimonia)*: Que aproveite agora, que neste país acabóuselle o choio. Por servir a un cacique terá que acollerse ó paro obreiro.

EULOXIO R. RUIBAL, *Cousas da morte* (1974)

A noite dos cabaleiros

DON PEDRO: Véxovos moi misteriosos... Querédesme explicar o que acontece? *(Eles ollan para Cofano.)* É que non ídes falar? A ver, Cofano, que é o que pasa?

COFANO: Non pasa nada, Señor...

DON PEDRO: Nada? *(Trona un canón.)* Óuvense gritos de agonía. *(Os criados xúntanse, compunxidos. A Cofano.)* É esa a voz da túa nada?

(Cofano bótase a tremar. Comeza a falar desbocadamente.)

COFANO: Estamos no oitavo mes de asedio, meu Señor... Os nosos van morrendo sen remedio, á falta de capitán que os arengar e dirixir... Ti non estás en condicións, Señor... Polo visto, perdistes a memoria... Non te lembrás de todos estes meses... Será pola eiva da guerra, ou terás unha doenza que nós non coñecemos... O caso é que xa está o inimigo na Frouseira, e non sabemos o que hai que facer.

DON PEDRO: Tendes medo?

ELVIRA: Señor...

MARTIZ: Sentimos que esta guerra está perdida...

COFANO: E que nos van matar contigo, pola mor da lealdade...

DON PEDRO: Iriavos mellor sendo traidores? Por que non o probades? Ide ver o inimigo. Dícidelle o que teñen que facer para prenderme... E non veñades coa desculpa de que adormecín e non me decaté do que ocorria... Eu durmín o que tiña que durmir para recuperar as miñas forzas e voltar á situación con enerxía renovada... En todo ese tempo non estiven na Frouseira, se era iso o que queríades saber... O soño activa os resortes da mente. E eu vivín nesta noite as noites todas, e dela tomei forzas para resistir... Agora traede as miñas armas.

(Fai un esforzo para erguerse e torna a caer na cama. Os criados obsérvano en silencio. Trona, cada vez máis próximo, o canón.)

MANUEL LORENZO.
A noite dos cabaleiros (2006)



Saxo tenor

(A cada pouco escóitase ó lonxe o monótono fungar das sirenas erguéndose fachendosas sobre o rebumbio rutineiro do tráfico, e máis preto, alí mesmo xa, sobre o enlousado da rúa, o bater duns pasos achegándose. Dous homes dobran a esquina e intèrnanse na encrucillada. Un é vellouco e cano, e o outro está na flor da madureza. O vello portado cun frac choqueirón e provisório, do que destaca sobremaneira unha paxarela vermella, das de lazo, salpicada de lunares brancos, o que lle imprime á súa figura un certo aire de louco ou de pallaso. O outro viste con coidada informalidade e cóbrese curha gabardina longa, das de cinto.)

- O TÍO SAM: Non esqueza o que acordamos. Nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. Tome nota Ramón Freire Taboada, alias «O Tío Sam» e Hortensia Fontes López, alias «Rita Hayworth». En primeira páxina e en letras ben grandes. ¡Vai saber ese cabrón o que é bo! (No medio da praza xa.) Mire, aquí foi onde mataron o rapaz vai para dous anos e onde onte veu morrer ela.
- O HOME GRIS: Por que di veu morrer? Matárona, non?
- O TÍO SAM: Si, pero... eu enténdome. Como é que me dixó que se chamaba?
- O HOME GRIS: Quen? A tipa esa?
- O TÍO SAM: Non, ela non, vostede.
- O HOME GRIS: Non llo dixen.
- O TÍO SAM: Pois non o faga! Canto menos saibamos un do outro, mellor. E non era unha tipa, era unha señora. ¡Impórtalle que así, entre nós, lle chame Johnny?
- O HOME GRIS: Por que me habería de importar?
- O TÍO SAM: Quen sabe? O mundo está cheo de xente moi rara, e non a todos lles gusta que os chamen por un nome distinto ó que teñen de seu. A min é que sempre me tirou moito todo o americano, e de aí que lle poña á xente nomes de alá. De coñecidos, ou de famosos. Vostede lémbreme a alguén a quen apreciei moito. Era de Cincinnati, e chamábase así, Johnny. Traballaba para a mafia, ¿sabe?, pero era legal cos amigos coma poucos. ¡Díxenlle xa que, aquela noite de marras, mentres pasaba o que pasou, puñan na española Un tranvía chamado desexo?



- O HOME GRIS: Dixó. Do que aínda non soltou prenda foi do resto.
- O TÍO SAM: Cada cousa ó seu tempo. O que é a vida, ¿non si, Johnny? Ás veces relembro todo, teño chegado á estraña conclusión de que, no fondo, aquela non tería sido unha noite moi distinta a outra calquera, se non fose porque... ¿Como se chama o tipo ese célebre da camiseta suada?
- O HOME GRIS: Brando, Marlon Brando.
- O TÍO SAM: O actor non! O personaxe!
- O HOME GRIS: A miña cultura cinematográfica non dá para tanto.
- O TÍO SAM: É un nome ruso. Ou, mellor dito, polaco, Stranski ou Polanski... ou algo así.
- O HOME GRIS: Kovalski!
- O TÍO SAM: ...Iso é! Kovalski! Ben! Pois xusto no momento en que o tal Kovalski ese lle espetaba á súa cuñada aquilo de... (Para si)... mais ou menos... «Xa está ben; Blanche, deixa de provocarme. Eu son cento por cento americano, nacido e criado no país máis grande do mundo e orgulloso de selo, así que non me chames polaco», o cabrón ese que tanto presume de bo e de honrado e a quen eu coñezo tal como verdadeiramente e, colleuna a ela polo brazo e... ¿Prendeu xa o aparello?
- O HOME GRIS: Non, aínda non...
- O TÍO SAM: Pois préndao, ¿a que agarda?
- (O home faille caso. Quita un magnetófono pequeno dun dos petos da gabardina e pon en marcha.)

ROBERTO VIDAL BOLAÑO, Saxo tenor (1991)

O achado do castro

CIT./CAL: ¿A min?

EMPERADOR: (Baixa do «triclínium» e dá unha volta arredor del inspeccionándoo.) Si, a ti, estás como máis na verza do de costume. (Completa a inspección e senta de novo.) Serán figuracións miñas.

CIT./CAL: (Seca a suor.) As poesías.

EMPERADOR: Veña, le.

CIT./CAL: Isto... Polo riu abaixo vai unha troita de pé é dicir: Ulises que me dices (Pausa.)

EMPERADOR: Si, moi ben, pero sigue lendo, ¿para que paras?, sigue.

CIT./CAL: (Máis confiado.) O gatus maragatus estabae no telladus

é dicir: O barbeiro de Sevilla depiloume a canilla. (Mira para o EMPERADOR e, ó ver que non se inmuta, continúa a ler.)

Magis vale semper tarde ca nuncae é dicir: Abribe a porta me cago en diola que teño présa

Tururú tuturú, tururú tut, turururru é dicir: Chupa do frasco, Carrasco, que me das asco.

ESCRAVO: (Entrando.) Emperador, a túa filla máislo Manolitus xa están aquí.

EMPERADOR: Fainos pasar.

(O ESCRAVO achégase á porta por onde entran os SOLDADO 1 e 2 custodiando ó MANOLITUS e á

CARMINAE, o primeiro con visibles ganas de orinar.)

CARMINAE: Papá, estes dous soldados teus apresáronme e trouxéronme aquí pola forza.

SOLDADO 2: Mentira, pola forza non, pola Vía Apia.

MANOLITUS: (Con carraxe.) Es increíblemente soldado.

EMPERADOR: ¡Silencio! (Ó MANOLITUS.) ¿Ti quen es?

MANOLITUS: Eu son eu.

EMPERADOR: Xa, non ías ser unha pita.

MANOLITUS: Eu son o Manolitus, fillo da Arpexia; estou namorado da túa filla e... e... e teño ganas de... (Fai un xesto significativo.)

EMPERADOR: (Ríndose amable.) Así que es Manolitus, fillo da Arpexia, estás namorado da miña filla e tes, se non entendín mal... (Fai o mesmo aceno significativo.) Iso ten todo doada solución rapaz, (Violento de súpeto.) ¡¡Soldados, metédeo na maseira e que o coman os crocodilos!!

CARMINAE: Espera papá; se o matan a el os crocodilos, eu quero morrer á súa beira.

EMPERADOR: ¡Agardade, soldados! (Á CARMINAE.) Ti falarás en broma, ¿non?

CARMINAE: Nunca na miña vida falei tan en serio, papá.

EMPERADOR: Isto é grave, ¡Ah, os amores dos

rapaces de hoxe!; xa non hai respecto polos pais, queren namorarse de quen lles apetece e non de quen lles mandan; o mundo vai mal, vai cada vez peor, ¿que podo facer? Sabio, ¿ti que me aconsellas?

CIT./CAL: E eu que sei.

EMPERADOR: ¿¿Como?!

CIT./CAL: ¿Que qué che aconsello?

EMPERADOR: Si.

CIT./CAL: ¿Sobre que?

EMPERADOR: ¿Sobre o que vai ser?, sobre o que estamos a falar.

CIT./CAL: Poiss... agora non se me ocorre ren.

EMPERADOR: Moi ben, pero como non se che ocorre nada en dous segundos arrebolote a ti tamén á maseira dos crocodilos.

CIT./CAL: (Con medo.) ¿Dos crocodilos?

EMPERADOR: Si, dos crocodilos, para que coman en ti, para que rachen na túa carne cos seus dentes afiados como coitelos, para que morras a modo, descortizado, e o teu sangue se mesture coa baballa deses animais.

136
Navez Singala.
O achado do castro